



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 29 DE XULLO DO 2019.-**

<p><b>ASISTEN:</b> Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo. Sres. Concelleiros: Dna M<sup>a</sup> Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D. Luis Cendán Fernández. Dn. Emilio Mesías Farías. Dna. Cristina Cadena Freire. D. José Manuel Cendán Fernández Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodriguez</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as doce horas e cincuenta e cinco minutos do día vinte e nove de xullo do dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario-Acctal, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodriguez.</p>
---	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

**Punto núm. 1.- Ratificación cambio de hora sesión plenaria.**

Sometida a votación a "Ratificación Cambio de Hora Sesión Plenaria" o Pleno do Concello por unanimidade, 13 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL, 2 BNG e 3PP), acorda prestarlle a aprobación.

**Punto núm. 2.- Aprobación das actas correspondentes ás sesións plenarias dos días:**

- **Sesión constitutiva 15-06/2019**
- **27-xuño-2019 Extraordinaria**

Sometida a votación as actas da sesión constitutiva de 15/06/2019 e a acta de sesión extraordinaria do 27/06/2019 o Pleno do Concello por unanimidade, 13 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL, 2 BNG e 3PP), acorda prestarlle a aprobación.

**Punto núm. 3.- Dar conta da aprobación do selo electrónico de órgano e regulación de actuacións administrativas automatizadas no Concello de Ares.**

Dáse conta da Resolución da Alcaldía 285 de data 24/06/2019 que a continuación se transcribe;

**Asunto: APROBACIÓN DE SELO ELECTRÓNICO DE ÓRGANO E REGULACIÓN DE ACTUACIONES ADMINISTRATIVAS AUTOMATIZADAS NO CONCELLO DE ARES**

Don Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde-Presidente do Concello de Ares, en uso das súas atribucións legalmente conferidas, e visto que:





O artigo 41.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, dispón que: «Se entende por actuación administrativa automatizada calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por parte dunha administración pública no marco dun procedemento administrativo e na cal non interveña de maneira directa un empregado público.»

O apartado 2 do artigo 41 prevé que «en caso de actuación administrativa automatizada tense que establecer previamente o órgano, ou órganos competentes segundo os casos, para definir as especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade, e se procede auditoría do sistema de información e do código fonte. Así mesmo, tense que indicar o órgano responsable para os efectos de impugnación».

Así mesmo, o artigo 42 prevé, que «No exercicio da competencia na actuación administrativa automatizada, cada administración pública pode determinar os supostos de utilización dos sistemas seguintes de firma electrónica:

Selo electrónico de Administración pública, órgano, organismo público ou entidade de dereito público, baseado nun certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de firma electrónica.

Código seguro de verificación vinculado á Administración pública, órgano, organismo público ou entidade de dereito público, nos termos e condicións establecidos; permítese en todo caso a comprobación da integridade do documento mediante o acceso á sede electrónica correspondente.»

O selo de órgano prevese no artigo 42 da Lei 40/2015, baixo a rúbrica «Sistemas de firma para a actuación administrativa automatizada».

A Lei 40/2015 regula a posibilidade de utilizar o selo de órgano por parte das administracións públicas na actuación administrativa automatizada. Con todo, esta aplicación non se pode utilizar de maneira indiscriminada, senón que se ten que usar de acordo cos principios que a mesma Lei establece, e para calquera acto ou actuación realizada íntegramente a través de medios electrónicos por parte dunha administración pública no marco dun procedemento administrativo e en que non interveña de maneira directa un empregado público.

Isto é, corresponde a cada administración determinar os supostos e trámites en que o selo de órgano pode ser aplicado, aínda que esta determinación non se pode realizar de maneira indiscriminada, senón baixo unha adecuada valoración dos supostos que se poden realizar baixo unha actuación administrativa automatizada, de acordo co principio de proporcionalidade e sen que se produza unha mingua de garantías da persoa administrada.

Considerando o disposto no artigo 70 bis.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 21.1 a) e s) da citada Lei,

**RESOLVO:**





**PRIMEIRO.-** Aprobar as seguintes actuacións administrativas automatizadas do Concello de Ares.

-De carácter xeral: todas as actuacións e procedementos que se vaian incorporando, con carácter automatizado, a Plataforma de Tramitación Electrónica do Concello de Ares ou á súa sede electrónica (<https://sede.concellodeares.com>)

- De carácter específico:

Expedición de certificados e de volantes de empadramento.

Expedición automática de recibos de presentación no rexistro electrónico da Administración.

**SEGUNDO.-** Os órganos competentes en relación coas actuacións administrativas automatizadas, en exercicio da función de fe pública administrativa, son os seguintes:

- Para a definición das especificacións ou detalle do procedemento de creación e emisión do certificado: Secretaría da Corporación
- Para o deseño informático, programación e mantemento e auditoría do sistema de información e do código fonte: Técnico informático Concello de Ares.
- Para a supervisión e control de calidade: Secretaría da Corp oración.

**TERCEIRO.-** Crease o selo electrónico de Órgano do Concello de Ares coa seguinte de nominación : SELO DE ORGANO DO CONCELLO DE ARES.

A responsabilidade da utilización a efectos de impugnación corresponde ao Concello de Ares.

As características do certificado e a verificación de documentos asinados con selo de órgano poderase realizar na sede electrónica do Concello de Ares (<https://sede.concellodeares.com>).

O selo electrónico de Órgano do Concello de Ares poderase utilizar nos procesos de tramitación automatizada sinalados anteriormente.

O órgano responsable a efectos de impugnación é a Alcaldía do Concello de Ares

**CUARTO.-** A tramitación automática dos procedementos realizarase do seguinte xeito:

Os interesados poderán iniciar a tramitación automática dos procedementos indicados no rexistro do Concello ou lugares habilitados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os interesados poderanse identificar e autenticar mediante documento nacional de identidade ou documento equivalente.

A tramitación electrónica automatizada contempla a captura automática da información contida nas bases de datos corporativas do Concello.





As aplicacións informáticas coas que se realizará a tramitación electrónica automatizada a que se retire esta resolución son, ademais de todas aquelas cuxa norma de creación así o prevexa, as seguintes: XESTIÓN DE PROCEDEMENTOS (GESTIONA).

Ostentarán permisos de Selacio Electrónico unicamente os empregados públicos que sexan acreditados pala secretaría da Corporación.

O Concello emitirá resolución automatizada que recollerá expresamente, ademais do contido establecido con carácter xeral na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, o seguinte:

A súa condición de acto administrativo automatizado.

O selo electrónico da entidade.

O órgano que ha de considerarse responsable a efectos de impugnación, de acordo ca indicado no resolve terceiro.

O código electrónico de verificación permitirá verificar a autenticidade dos documentos xerados electrónica e automaticamente nos procedementos automatizados.

Os expedientes administrativos e documentos xerados palas citadas aplicacións almacénanse nos sistemas de información municipais. Ditas aplicacións informáticas garantirán o control dos prazos, a identificación dos órganos responsables dos procedementos, así como a tramitación ordenada dos expedientes administrativos.

As indicadas resolucións serán recorribles ante o órgano xurisdiccional contencioso administrativo, previa reclamación potestativa ante a alcaldía, na forma establecida na Lei de procedemento administrativo.

Os expedientes de tramitación automática arquivaranse no xestor documental GESTIONA, asinado mediante selo electrónico do Concello.

As copias dos documentos electrónicos terán a consideración que se establece no artigo 27 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas

**QUINTO.-** Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

**SEXTO.-** Esta resolución producirá efectos desde a súa publicación no Boletín oficial da Provincia de A Coruña. Igualmente publicarase na sede electrónica do Concello de Ares a efectos de xeral coñecemento de acordo co artigo 45.1.a) da Lei 29/2015.

Ares, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Alcalde e polo Secretario.

O Concello pleno dáse por enterado.

**Punto núm. 4.- Aprobación designación de representantes dos grupos políticos municipais nas CC.II.**





- **Partido Popular.**
- **Nueva Alianza (NAL).**
- **PSOE.**

Dáse conta do escrito presentado polo Partido Popular de data 9 de xullo de 2019, comunicando a designación de representantes nas comisións informativas, do seguinte teor literal;

Jose Manuel Cendan Fernandez, portavoz del grupo municipal del Partido Popular en el Concello de Ares, con domicilio a efecto de notificaciones en la oficina que el propio grupo tiene en el citado Concello.

EXPONE:

Para las comisiones informativas aprobadas en la sesión plenaria del día 27 de junio de 2019

SOLICITA:

En representación del grupo municipal de partido popular asistan las siguientes personas a las diferentes comisiones:

**José Manuel Cendan Fernandez:**

- Comisión de hacienda y cuentas: Hacienda, tributos, tasas, presupuestos, expedientes de modificación de créditos, operaciones de préstamos, contribuciones especiales y cuenta general.
- Comisión de Urbanismo, Equipamientos, Infraestructuras y Medio ambiente: Gestión y disciplina urbanística, órdenes de ejecución, expedientes contradictorios de ruino, licencias urbanísticas y de primera ocupación, autorizaciones de ocupación del dominio público, planes programas de inversiones locales y obras municipales, expropiaciones, prevención de incendios, limpieza de fincas, puntos limpios y vertederos.
- Comisión de Cultura y Empleo: Fiestas, organización de actividades culturales, colaboración con entidades culturales. biblioteca, exposiciones, agencia de lectura, obradores de empleo y contratación de personal.
- Comisión de Planes y Personal: Seguimiento, adaptación y desarrollo del Plan General de Ordenación Municipal y otros instrumentos de ordenación y gestión del personal municipal.

**Josefina Martínez Martínez**

- Comisión de Bienestar social e Igualdad: Salud y Sanidad pública, protección y atención de menores, Red Infantil "Galiña Azul", conciliación, "Mañás de Lecer", protección y asistencia a la mujer; C.I.M., tercera edad, dependencia, servicios sociales, ayudas de emergencia, actividades, coloquios o charlas.
- Comisión de Cultura y Empleo: Fiestas, organización de actividades culturales, colaboración con entidades culturales, biblioteca, exposiciones, agencia de lectura, obradores de empleo y contratación de personal.
- Comisión de Obras, Servicios municipales y Seguridad: Seguridad, obras ordinarias, repetitivas y de escasa entidad, recogida y eliminación de residuos sólidos urbanos, limpieza variada y de espacios municipales o públicos, mantenimiento de espacios, instalaciones o





equipamientos de vías públicas, del alumbrado público y del abastecimiento, cuidado y mantenimiento de las zonas verdes, parques infantiles.

- Comisión de Deportes, Educación, TICS y Juventud: competiciones, organización de actividades deportivas, colaboración con entidades deportivas, educación, organización, promoción y divulgación de políticas de educación, colaboración con los Centros de Educación o con actividades escolares y extraescolares, Aula Cemit, Información juvenil, Casa de la juventud y Local de ensayo.

**Marcos Carballo Sarmiento:**

- Comisión de hacienda y cuentas; Hacienda, tributos, tasas, presupuestos, expedientes de modificación de créditos, operaciones de préstamos, contribuciones especiales y cuenta general.
- Comisión de Urbanismo, Equipamientos, Infraestructuras y Medio ambiente: Gestión y disciplina urbanística, órdenes de ejecución, expedientes contradictorios de ruina, licencias urbanísticas y de primera ocupación, autorizaciones de ocupación del dominio público, planes-programas de inversiones locales y obras municipales, expropiaciones, prevención de incendios, limpieza de fincas, puntos limpios y vertederos.
- Comisión de Turismo, Patrimonio, Emprendimiento y Movilidad: Turismo y recursos turísticos, patrimonio, inventario, calificaciones, adquisiciones, enajenaciones, disfrute y aprovechamiento de los bienes municipales o de gestión municipal, mercados, mercadillos, comercio, hostelería, industria, terrazas y movilidad.
- Comisión de Planes y Personal: Seguimiento, adaptación y desarrollo del Plan General de Ordenación Municipal y otros instrumentos de ordenación y gestión del personal municipal.

En Ares a 9 de julio de 2019

Fdo. José Manuel Cendan Fernández

Dáse conta do escrito presentado por Nueva Alianza (NAL) de data 1 de xullo de 2019, comunicando a designación de representantes nas comisións informativas, do seguinte teor literal;

**Luis Cendán Fernández, portavoz del Grupo municipal Nueva Alianza (NAL), respetuosamente y como mejor proceda DICE:**

Celebrada Sesión Plenaria Extraordinaria el 29 de junio de 2019, en lo que respeta a la composición en las Comisiones Informativas. el que suscribe como miembro de dicho grupo municipal de carácter unitario,

Solicita:

de acuerdo con el derecho reconocido por la jurisprudencia, "la integración en todas las Comisiones Informativas aprobadas en el organigrama del Concello".

Ares, a 01 de Julio de 2019





EL PORTAVOZ,

Fdo.- Luis Cendán Fernández-

Dáse conta do escrito presentado polo PSOE de data 18 de xullo de 2019, comunicando a designación de representantes nas comisións informativas, do seguinte teor literal;

**Alma B. Barrón Ferro en calidade de Voceira do Grupo Municipal do PSdG-PSOE de Ares, en relación á organización das Comisións Informativas aprobadas no Pleno do 27 de xuño, por medio do presente comunica a designación dos seus membros representantes nas mesmas:**

**COMISIÓN DE FACENDA E CONTAS**

Julio Ignacio Iglesias Redondo

Alma. B. Barrón Ferro

José Juan Vilar Rico

María Victoria Montenegro Paz

Olimpia Marcos García

**COMISIÓN DE URBANISMO, EQUIPAMENTOS, INFRAESTRUTURAS E MEDIO AMBIENTE**

Julio Ignacio Iglesias Redondo

Olimpia Marcos García

Alma. B. Barrón Ferro

José Juan Vilar Rico

Lucía Blanco García

**COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE**

Julio Ignacio Iglesias Redondo

M Victoria Montenegro Paz

Alma. B. Barrón Ferro

José Juan Vilar Rico

**COMISIÓN DE CULTURA E EMPREGO**

Julio Ignacio Iglesias Redondo

Alma. B. Barrón Ferro





José Juan Vilar Rico

Noelia Montero Candal

**COMISIÓN DE OBRAS, SERVIZOS MUNICIPAIS E SEGURIDADE**

Julio Ignacio Iglesias Redondo

Alma. B. Barrón Ferro

José Juan Vilar Rico

Ares, a 18 de xullo de 2019

A VOCEIRA MUNICIPAL,

Asdo. Alma B. Barrón Ferro

Dáse conta do escrito presentado polo BNG de data 26 de xullo de 2019, comunicando a designación de representantes nas comisións informativas, do seguinte teor literal;

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas e os bos días a todos/as e sinalando que nos non tiñamos presentado a designación de representantes porque estabamos a espera de saber os horarios das distintas comisións informativas, unha vez que xa os temos fixemos un reparto priorizando o horario máis que a demanda, porque temos que distribuír oito comisións entre dous, repartimos de maneira que un vai a estar nas catro primeiras e outro nas catro segundas, fixemos unhas preguntas a secretaria do Alcalde e tamén a Luís ao respecto de si se ían a cumprir os horarios, a orde das comisións segundo os horarios do outro día e ao decirnos que si, Cristina que estará comisión de contas, servizos sociais, cultura e emprego e na de urbanismo, e eu estarei na de plans e persoal, obras e servizos, turismo e na de deportes e os dous somos suplentes da comisión da que somos titulares, temos presentado unha copia por vía telemática pero achegamos unha copia aos grupos para que sexa incluída neste punto.

Dáse conta do escrito presentado polo BNG de data 26 de xullo de 2019, comunicando a designación de representantes nas comisións informativas, do seguinte teor literal;

**DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO BNG NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS**

Emilio Mesías Farías, concelleiro-portavoz do GM do BNG no Concello de Ares, mediante a presente e como mellor proceda comunica a designación de membros das seguintes Comisións Informativas aprobadas no Pleno de 27 de Xuño de 2019.

- Concelleira Titular CRISTINA CADENA FREIRE.
  - o Suplente: Emilio Mesías Farías.

1. COMISIÓN DE FACENDA E CONTAS







Facenda, tribunos, taxas, orzamento, expedientes de modificación de créditos, operacións de préstamos, contribucións especiais e conta xeral.

## 2. COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE

Saúde e sanidade pública, protección atención de menores, Rede Infantil “Galiña Azul” conciliación, Mañás de lecer, protección-asistencia á muller C.I.M, terceira idade, dependencia, servizos sociais, axudas de emerxencia, actividades coloquios, charlas ou simposiums dirixidas a menores muller e terceira idade.

## 3. COMISIÓN DE CULTURA E EMPREGO

Festexos,, organización de actividades culturais, colaboración con entidades culturais, biblioteca, exposicións, acencia de lectura, obradoiros de emprego e contratación de persoal.

## 4. COMISIÓN DE URBANISMO, EQUIPAMENTOS, INFRAESTRUCTURAS E MEDIO AMBIENTE

Xestión urbanística (instrumentos de equidistribución, polígonos en solo urbán, etc) disciplina urbanística, ordes de execución, expedientes contradictorios de ruina, licenzas urbanísticas, licenzas de primeira ocupación, autorizacións de ocupación do dominio público (excepto terrazas), plans progamas de inversión locais e obras municipais, expropiacións, prevención de incendios, limpeza de fincas, puntos limpos e vertedoiros.

- Concelleiro Titular EMILIO MESIAS FARÍAS
  - o Suplente Cristina Cadena Freire

## 5. COMISIÓN DE PLANS E PERSOAL

Seguimento adaptación e desenvolvemento do Plan Xeral de Ordenacion Municipal e outros instrumentos de ordenación e xestión do persoal municipal.

## 6. COMISIÓN DE OBRAS, SERVIZOS MUNICIPAIS E SEGURIDADE

Seguridade (Policia Local e Protección Civil) obras ordinarias repetitivas e de escasa entidade, recollida e eliminación de residuos sólidos urbana, limpeza viarias e de espazos municipais ou públicos de vías públicas, do alumeado público da rede de sumidoiros e augas residuais en baixa, dos cauces e lavadoiros públicos e do abastecemento, coidado e mantemento de zonas verdes, parque sinfantís, xardíns etc.

## 7. COMISIÓN DE TURISMO, PATRIMONIO, EMPRENDEMENTO E MOBILIDADE

Turismo e recursos turísticos, patrimonio inventario, calificacións, desafectacións, adquisicións, enaxenacións, disfrute e aproveitamento de bens municipais ou de xestión municipal, mercados, mercadillos, comercio, hostelería, industria, terrazas e mobilidade.

## 8. COMISIÓN DE DEPORTE, EDUCACION, TICS E MOCIDADE

Competicións, organización de actividades deportivas, colaboración con entidades deportivas, educación, organización, promoción e divulgación de políticas de educación,





colaboración cós Centros de Ensino ou con actividades escolares e extraescolares, Aula Cemit, Información Xuvenil, Casa da Xuventude e Local de Ensaio.

En Ares, a 26 de Xullo de 2019

Asdo.: Emilio Mesías Farías  
Concelleiro-Portavoz do GM do BNG no Concello de Ares

Temos que dicir tamén que non se cumpre o aprobado no pleno do outro día, no pleno doutro día aprobouse segundo consta en acta unha organización e un número de comisións, nese número de comisións tamén ía cantas persoas de cada grupo ían a asistir entón, na primeira de contas poñía número de membros 6, pero resulta que o outro día levamos unha sorpresa grande porque eramos 9.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o reparto faise en función da representación.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que non é o aprobado.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si é o aprobado pero logo aumentamos a representación.

Intervén do Sr. Mesías Farías dicindo que non.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, pero que logo Luís solicitou representación en todas.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que iso si.

Continúa o Sr. Alcalde sinalando que entre os decimais se traduciron nun máis e que Luís quere participar en todas por exemplo, comisión de facenda, 5 do PSOE, 1BNG, 1NAL e 2PP son 9.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que o problema é que cando se aprobaron as comisións daba ao PSOE un total creo que era de 28.

Responde o Sr. Secretario dicindo que 26 en total.

Continúa o Sr. Mesías Farías sinalando que ao PP 12, ao BNG 8, 1 en cada comisión e o que se aprobou ,era NAL 4 e logo xa dixo no pleno que quere estar nas 8, entón a historia é que agora o PSOE non ten 26 nin 28 ten 34, iso dispara moitísimo máis o reparto porcentual de maneira que agora o PSOE ten 8 mais o PP ten 3,72 menos o BNG ten 2,42 menos e o NAL 5,21 máis, pero o do NAL e entendible porque ao ser un grupo pode ir a todas entón fai reformular primeiro, que non se está a cumprir o que se aprobou no pleno e segundo que non se cumpre coa lei ao respecto de todo o porcentaxe de membros no pleno ao respecto das comisións informativas, nós temos un 15,38 e sen embargo nas comisións informativa temos un 12,90 entón nós o que pedimos é que se recolla isto.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que o PSOE ten maioría no pleno e ten que ter maioría absoluta en todas as comisións, a representación saíu das eleccións e si temos maioría absoluta aquí temos que tela nas comisións. O BNG ten un representante máis porque senón non podían participar nunha e o PP ten un representante máis porque así o pediron para facer xogo de reparto interno e NAL pediu estar en todas e en consecuencia efectivamente a realidade e esa. Eu cando fun concelleiro Manuel que era Alcalde naquel momento, tería a visión de non converter as comisións en plenos e en





consecuencia limitouse a participación e agora efectivamente pois aumentamos, son diferentes razóns as de aumentar a participación para que o PSOE manteña a súa maioría absoluta e NAL quere estar en todas por axustes internos o resultado é o que é, e creo que os voceiros xa o coñecían e na xunta de voceiros efectivamente saíu adiante, é a proposta que traemos ao pleno entón, non a imos a modificar porque nos puxemos de acordo creo que todos naquel momento, entón se imos vendo as comisións efectivamente é así, comisión de facenda 5 PSOE, 2PP, 1BNG, 1NAL son 9 eu nunca vin unha comisión de 9 pero é que somos 9, de todos modos sabemos que este tema está enriba da mesa para negociar, dixemos que iamos a votar unha legislatura así pero temos todos a porta aberta para chegar a un consenso, creo que senón houbo consenso é porque o único partido que non participa é o BNG creo que o NAL o PSOE e o PP estamos nunha dinámica de cambio e de aceptar novas regras e iso está pendente un pouco de que os sumedes vosoutros a unha proposta non digo a que sexa está, digo a algunha protesta que o resto dos grupos tamén acepten, consideramos este tema aberto dende o primeiro minuto pero dixemos que íamos a empezar con esta organización, mentres non haxa consenso porque isto non ten lóxicamente o acordo de todos pero o tema segue aberto, creo recordar que ti dixeches na xunta de voceiros que seguía aberto non Emilio, entón si chegamos a un acordo isto o podemos modificar, pero de momento votamos a andar con isto.

Remata o Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que cree que se explicou ben, ao consenso que chegamos foi ao reparto que aprobamos no pleno de organización cuxa acta ben hoxe a aprobación e nese acordo estipulábase que o PSOE tiña 4 concelleiros en dúas e 3 concelleiros no resto, ese é o acordo que se aprobou, iso foi o que se aprobou.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que hai unha base que creo que é o fundamento do erro, o Presidente preside todas as comisións independentemente do grupo, entón a participación é dos grupos políticos, o Presidente e o Alcalde porque o di a lei en consecuencia non estamos dispostos a asumir que o Alcalde é un representante máis do PSOE porque como Alcalde-Presidente representa todo en consecuencia a miña presenza nas comisións non é partidista e institucional, non presido as comisións porque son do PSOE, presido as comisións porque son o Alcalde, entón eu como Alcalde presido as comisións, e logo o PSOE o PP e o BNG teñen os seus representantes non se pode contar ao Alcalde dentro da participación dentro dun grupo cando a lei dáme a Presidencia das comisións de maneira directa e efectivamente en democracia se vota e aquí o imos a votar e en consecuencia imos a someter isto a aprobación e xa digo eu presido as comisións como Alcalde e efectivamente é a una maneira de manter a maioría absoluta que temos no pleno, imos ter maioría absoluta no pleno e nas comisións ser minoritarios pois non, non dixó o pobo o 26 de maio que fora así deunos maioría absoluta en todos os órganos de goberno e en consecuencia xa digo Emilio podemos discrepar e debater toda a maña pero nós non imos a ceder na nosa representación, imos a apoiar ao NAL porque ten dereito a estar en todas as comisións e imos a apoiar a proposta que pediu o PP de ter un máis e a túa de ter un máis e dicir o imos facer, o que non imos a consentir é que o que consiga a oposición sexa a proposta do goberno e dicir vosoutros saídes a vosa e nós menos tendo maioría absoluta, non.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que a cuestión é que a lei o que di é que vostede é o Presidente nato de todas as comisións e vostede pode delegar a Presidencia a quen queira pero, a hora de facer o cálculo e iso xa o consultamos coa Secretaria Xeral de Municipios, non se ten en conta que sexa Alcalde, o Alcalde é unha parte do pleno ao que se refire o reparto porcentual é o pleno, no pleno somos 13 e polo tanto o Alcalde entra dentro de eses 13 que pode ser ou non o Presidente entón, o que lle estou dicindo é que o que aprobamos no pleno do mes pasado e o que aprobamos hoxe non é o resultado final das comisións informativas entón se vostede cree que esta é





a mellor maneira de empezar, nós temos o tema aberto pero claro nós temos aberto unha cousa que aprobamos en consenso entre todos non como unha cousa que resulta despois a interpretación que vostedes fan quero dicir, entón a cuestión é si o reparto que nos é máis prexudicial a nós e que ademais non cumpre co que estipula a lei vostedes o queren levar adiante, logo vostedes non vaian a pretender que nós queramos chegar a algún tipo de consenso porque o que lle pedimos é respecto ao regulamento entón si é respecto ao regulamento entendemos que pola súa parte tamén hai una vontade de querer facer agora, se non se respecta o regulamento entendemos que a vostedes lles da igual teñen a maioría absoluta, entón nós o que dicimos é exactamente iso, e non imos a insistir máis.

Remata o Sr. Mesías Fariás dando as grazas.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que en principio si temos maioría absoluta no pleno, pois temos que ter maioría absoluta nas comisións iso xa para empezar, segundo si vostede necesita unha escusa para non pactar ese é o seu problema, este Alcalde ofreceulle entrar no goberno non queren entrar no goberno ofrecemos efectivamente un pacto, non queren pactar, non necesitan excusas dino e san se acabou, a proposta que nós fixemos sempre foi sen contar ao Alcalde o Alcalde preside as comisións, e a proposta era sen contar ao Alcalde e na proposta ven sen contar ao Alcalde tal e como dixemos, non dixemos que non contábamos ao Alcalde e agora unha sorpresa, non o contamos non, cando fixemos a proposta xa non contábamos ao Alcalde porque na xunta de voceiros preguntaches expresamente por este tema e o secretario xa o dixo que o Alcalde non ía incluído, logo non é ningunha sorpresa e o estar plantexando como unha sorpresa para non ter un pacto.

Intervén o Sr. Mesías Fariás dicindo que non.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que si, o estás plantexando como unha sorpresa, case te enganamos outra vez e dicir vimos aquí e o sacamos da chisteira pois non, expresamente preguntaches isto e dixémosche non, nesta proposta o Alcalde non vai incluído e o que traemos ao pleno e o que traemos a pleno a proposta na que o Alcalde non vai incluído, e agora ten a palabra o Sr. Secretario que di que quere aclarar un matiz.

Intervén o Sr. Secretario manifestando que o art. 125 do regulamento di, non é que delegue e dicir “o Alcalde designa ou presenta a comisión que propón a comisión dentro dos mesmos do seu seno, pode ser que esa persoa sexa da súa confianza como doutro partido, si é doutro partido o Sr. Alcalde pode asistir a comisión”, hai unha sentenza do Tribunal Constitucional 30/1993 do 24 de febreiro sentenza do acordo do pleno do concello do Puerto da Cruz de Tenerife “a composición da corporación integrada por 21 membros será a seguinte, o grupo municipal socialista formada por 11 concelleiros posuía unha representación no pleno do 52,38 por 100, o grupo municipal de A.T.I. con 4 concelleiros, unha representación do 14,28 por 100. En virtude do acordo impugnado, a atribución de catro postos nas Comisións Municipais Informativas e especiais ao grupo municipal socialista, fai certamente que este se encontre cunha representación nas comisións de 57,14 por 100, mentres resto dos grupos municipais, cun posto cada un deles nas comisións, posúen cada un unha representación do 14,28 por 100. Os datos expostos arrojan un incremento porcentual na representación do grupo municipal socialista nas comisións respecto a que posuía no Pleno, pero tal circunstancia non é senón consecuencia de manter na composición das comisións a maioría que dito grupo ostentaba no Pleno da Corporación”.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao Sr. José Manuel Cendán Fernández.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que cree que a cousa quedou clara xa o outro día, facer as cousas o máis consensuado posible tal e como o tiñamos previsto, Emilio o que temos que facer é as cousas ben entrar e pechar isto dunha vez, xa te dixen isto hai que péchalo canto antes mellor e deixarse destes debates. O Sr. Alcalde acaba de dicir que na comisión





de facenda ían cinco e nos defendemos que o Alcalde teña a maioría absoluta en todas as comisións está claro, si ten a maioría absoluta no pleno tena que ter nas comisións e dicir que o PSOE ten que ir a catro comisións con 5 membros e nas outras catro con 4 membros eu creo que é o normal para ostentar a maioría absoluta en todas as comisións, eu creo que xa somos maiorciños si isto o queremos pechar é fácil facer unha proposta e deixarnos de roios que si un máis un menos se lle deron facilidades a todo o mundo ao B.N.G e ao PP e nos deron un máis e o PSOE ten que manter a maioría absoluta nas comisións está claro, iso está claro e a situación e esa 5 membros en 4 comisións e 4 membros en outras 4 comisións esa é a situación, eu creo que si queremos cambiar isto o que temos que facer é a dous propostas que había subir a cantidade do pleno e subir un pouco as comisións e se atalla isto, pero e que temos que ser maiorciños isto xa tiña que estar feito cando se constituíu a corporación canto máis tempo deixemos pasar isto peor vai ser eu creo que é o momento si estás pola labor de arranxalo o arranxamos esta semana nos reunimos un día e o falamos aquí e punto, faise unha xunta de voceiros si estás en disposición de arranxalo e arranxamos e punto e canto antes se acabe, eu creo que a situación con nós, non con nós senón con todos por parte do goberno municipal abriuse o abanico se nos deu un membro máis da comisión s nos deu a nós tamén eu creo que si chegamos a un acordo pois o aprobamos canto antes e punto e acabouse o rolo de cantos imos as comisións e cantos non imos e creo ademais que facemos mellor xestión municipal cantos menos vaíamos e canto menos comisións haxa eu creo que sería o máis factible pechar o acordo canto antes, tanto para o goberno como para a oposición, non podemos estar seguido cas comisión te convocaron non te convocaron e pechar isto a posición nosa é solucionar esta semana si por parte do BNG están en disposición de arranxalo pois o arranxamos.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que hai dúas maneiras de organizar as comisións con representación directa, ou con voto ponderado si é con voto ponderado a cada comisión pode ir un pero o seu voto vai en función da representación, en consecuencia podemos facer unha comisión e imos catro pero o representante do PSOE vota e o seu voto é a maioría absoluta pois si é así co voto ponderado co voto individual tamén ten que haber esa maioría absoluta porque co voto ponderado se da si o voto non é ponderado é individual teremos que ter a maioría absoluta que nos da o ponderado, aquí falamos de cómo facelo e a falta dun acordo decidimos facelo co voto individual pero isto está aberto ao que dixo agora o PP, queremos menos representantes pois menos representantes pero está claro que aí teríamos que ir ao voto ponderado porque o que non se pode e desvirtuar o xogo da maioría que é o resultado das eleccións, en calquera caso o tema segue aberto a espera de encontrar un consenso por parte de todos os grupos pois imos a aprobar ou mellor dito a votar a proposta tal e como ben ao pleno.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías manifestando que entón si a cuestión é ter a maioría absoluta en todas as comisións, o PSOE ten que poñer 5 membros en cultura e 5 membros en plans, serían 4 comisións de 5 membros digo para que se cumpra a maioría absoluta tería que ter 5 membros en 4 comisión e o resto 4 membros porque na comisión de cultura hai 2 PP, 1BNG e 1NAL SON 4 e como tedes repartido vostedes teñen tamén 4 polo tanto non se cumpre esa maioría.

Responde o Sr. Alcalde dicindo, xa o sabemos pero o tema é que como aceptamos 26 sen contar ao Alcalde como non surxiu este debate, este debate surxe agora como xustificación da proposta, pero naquel momento nós aceptamos o número de 26, sabendo que 26 máis o Alcalde nalgunhas comisións non autoriza a maioría absoluta pero non nos preocupa, e agora sacamos o argumento da maioría absoluta porque efectivamente estás cuestionando o porque estamos poñendo un argumento a maiores por dicir mira e que aínda podíamos ter máis pero como contamos con 26 sen o Alcalde pois nos imos a quedar co que aceptamos aquí todos somos maiorciños e aquí cando puxemos enriba da mesa 26 sen o Alcalde o aceptamos e non imos agora a cambialo que en algunhas comisións non temos maioría absoluta ben, teríamos que tela pero naquel momento dixemos nos conformamos con 26 sen o Alcalde o resultado e ese e agora non o imos a modificar e en consecuencia imos a someter a aprobación esa designación tal e como ben ao pleno.





Sometida a votación a “Aprobación designación de representantes dos grupos políticos municipais nas CC.II” o Pleno do Concello por unanimidade, 13 votos a favor (7 PSdeG-PSOE, 3 PP, 2BNG, 1NAL), acorda prestarlle a aprobación.

**Punto núm. 5.- Dar conta resolución nº 303/2019 complementaria á resolución nº 299/2019.**

Dáse conta da Resolución 303/2019 de data 4 de xullo de 2019 complementaria a resolución nº 299/2019 do seguinte teor literal;

**Resolución da alcaldía nº. 303/2019 de catro de xullo de 2019.**

**Complemento á resolución nº 299/2019 nomeamento concelleiros-delegados.**

O Alcalde pode delegar o exercicio das súas atribucións, salvo as de convocar e presidir as sesións do Pleno e da Xunta de Goberno Local, decidir os empates co voto de calidade, a concertación de operacións de crédito, a xefatura superior de todo o persoal, a separación do servizo dos funcionarios e o despedimento do persoal laboral, e as enunciadas nos parágrafos a), e), j), k), l) e m) do apartado 1 do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local. No entanto, poderá delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das atribucións contempladas no parágrafo j) do artigo 21.1.h da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local

Con data 1-07-2019 por esta alcaldía ditouse a Resolución núm. 299/2019 sobre designación de concelleiros-delegados.

O artigo 43.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba ou Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dispón que as delegacións xenéricas que pode realizar ou alcalde-presidente referiranse a unha ou varias áreas ou materias determinadas, que constitúen, deste xeito, os eixos básicos nos que se estrutura o goberno local. Cada área de goberno representa un sector de actividade da Corporación asignada a unha dirección política en virtude das resolucións que adopte a Alcaldía de acordo coa normativa de réxime local. O artigo 45 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, dispón que as delegacións que pode outorgar o alcalde se axusten na medida do posible ás grandes áreas nas que o Regulamento orgánico municipal estructure os servizos do Concello, polo que, en uso da facultade de dirección do goberno e a administración municipais atribuída ao alcalde polos artigos 21.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 31.2 do R.D. 2568/1986, corresponde á Alcaldía, a falta de regulación no Regulamento Orgánico municipal, crear as áreas nas que se estruturará ou goberno local.

Por todo isto, no uso das facultades conferidas polo artigo 21.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.**– Ratificar as delegacións como áreas de goberno local, que foron obxecto dunha delegación xenérica nos termos do artigo 43.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e que corresponden cos correspondentes sectores de actividade do Concello, efectuando a seguinte concreción na área de plans-persoal :





Seguimento-adaptación Plan Xeral de Ordenación Municipal, Plans Especiais, Instrumentos de desenrolo (Planeamento de desenrolo), Xestión urbanística (instrumentos de equidistribución, polígonos en solo urbanom etc.).

Xefatura inmediata de persoal, políticas de persoal, políticas de formación e perfeccionamento do persoal, plantillas orgánicas, cadros de postos de traballo, clasificacións, nomeamentos, permisos, licenzas, vacacións e políticas de prevención de riscos laborais.

**SEGUNDO.**– Corresponderá á Alcaldía a coordinación do funcionamento das áreas municipais, así como a resolución das cuestións que xurdan en torno á adscrición a unha área determinada dunha concreta materia.

**TERCEIRO.**– A presente resolución será efectiva dende o 7 de xullo de 2019.

**CUARTO.**– Dar conta ao Pleno municipal desta Resolución, para ou seu coñecemento.

Ares, a catro de xullo de 2019

O Alcalde,

D.S.M.

O Secretario

O Concello Pleno dáse por enterado.

**Punto núm 6.- Toma en razón da resolución nº 317/2019 “Designación membros Corporación con adicación parcial”**

Dáse conta da Resolución da Alcaldía 317/19 “Designación membros Corporación con adicación parcial” de data 11 de xullo de 2019 do seguinte teor literal:

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº317 de 11 de xullo de 2019**

**Designación membros Corporación con adicación parcial**

Que na sesión plenaria do día 4 de xaneiro de 2019 foi aprobado con carácter inicial o orzamento para o exercicio 2019 (BOP. Nº. 6, de 09-01-19), elevado a definitivo sendo publicado no BOP nº. 25 do 5 de febreiro de 2019.

Visto o informe emitido pola Secretaría de data 18 de xuño de 2019 "Adicacións exclusivas-parciais membros da corporación 2019".

Nas Bases de execución do orzamento, base 20, letra B "ADICACIONES EXCLUSIVAS" modificadas por acordo Plenario de 27 de xuño de 2019 nos seguintes termos:

Modificar a base 20 das bases de execución do vixente orzamento engadindo unha adicación parcial ao 50 % por importe de 16.000,00 euros pagadeiros en catorce mensualidades (Deporte, Educación, Tics e Mocidade)

De conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril. Reguladora das Bases do Réxime Local segundo redacción dada pola Lei 14/2000, de 29 de decembro, de Medidas Fiscales, Administrativas e do Orden Social. Disposición Adicional nonaxésima





da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do estado para o ano 2014, 13 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo cal aprobouse o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 225 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Vista a Carta Europea da Autonomía Local, feita en Estrasburgo o 15 de outubro de 1985 e ratificada por España o 20 de xaneiro de 1988 (BOE núm. 47, de 24 de febreiro de 1989). A Carta constituí un verdadeiro Convenio internacional. vixente en España desde o día 1 de marzo de 1989, e polo tanto o seu contido constituí un elemento interpretativo esencial daquel dereito, na medida en que incida no mesmo. Concretamente, o art. 7 da Carta declara o seguinte:

«7. Condiciones del ejercicio de responsabilidades en el ámbito local.-- 1. *El Estatuto de los representantes locales debe asegurar el libre ejercicio de su mandato.*

*Debe permitirse la compensacwn financiera adecuada a los gastos causados con motivo del ejercicio de su mandato, así como si llega el caso, la compensación financiera de los beneficios perdidos o una remuneración del trabajo desempeñado y la cobertura social correspondiente.*

*Las funciones y actividades incompatibles con el mandato del representante local no pueden ser fijadas más que por Ley o por principios jurídicos fundamentales.»*

## ACORDO

**PRIMEIRO**, Determinar que o cargo de delegacións que se dirá e que así o requiren polo seu volume, responsabilidade e adicación realicen as súas funcións en réxime de adicación parcial ao 50 %, graduado en función de :

- Volume de traballo.
- Responsabilidade.
- Necesidade de atención prioritaria

I. Dona Noelia Montero Candal, Concelleira-Delegada de Deporte, Educación, Tics e Mocidade.

**SEGUNDO**. Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de adicación parcial as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social; esta corporación deberá asumir o pagamento das cotas empresariais que corresponda.

- O cargo de Concelleira-Delegada de Deporte, Educación, Tics e Mocidade percibirá unha retribución anual bruta de 16.000,00 €. Pagadeiros en 14 mensualidades.

**TERCEIRO**, Do presente acordo tomaráse razón na primeira sesión Plenaria ordinaria que se celebre, tendo efectos dende o 15 de xullo de 2019.

**CUARTO**. Publicar de forma íntegra no *Boletín Oficial da Provincia* o acordo do Pleno, para os efectos do seu xeral coñecemento.







**QUINTO.** Notificarlles o dito acordo aos interesados e ao Servizo de Persoal e Intervención para o seu coñecemento e para os efectos oportunos».

Así o ordena e dispón o Sr. Alcalde-Presidente, Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo en Ares a 11 de xullo de 2019, do que eu secretario dou fe.

O Alcalde,

O Secretario

Dáse conta do Informe de Secretaría dedata 18 de Xuño de 2018 “Adicacións exclusivas-parciais membros da corporación 2019”, do seguinte teor literal:

### **INFORME DE SECRETARÍA**

#### **Adicacións exclusivas-parciais membros da corporación 2019**

O funcionario que suscribe, en cumprimento do establecido nos artigos 54 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e 3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, en relación co asunto epigrafiado, emite o seguinte

#### **INFORME**

**PRIMEIRO.** Os membros das corporacións locais teñen unha serie de dereitos económicos, entre os que destaca o seu dereito a percibir retribucións fixas na súa contía e periódicas na súa percepción, cando exerzan o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

**SEGUNDO,** A lexislación aplicable vén determinada por:

- Os artigos 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril. Reguladoras das bases do réxime local.
- A disposición adicional tricesima quinta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado prorrogados para 2019.
- O artigo 13.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- A Orde do 12 de marzo de 1986 sobre alta e cotización ao réxime xeral da Seguridade Social dos membros de corporacións locais con dedicación exclusiva.

**TERCEIRO,** Segundo o artigo 75.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, os membros das corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación especial por realizaren funcións de presidencia ou vicepresidencia, ou ostentar delegacións ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva a elas.

Malia isto, conforme o artigo 75.2.2º. da Lei reguladora das bases do réxime local, os membros das corporacións locais que sexan persoal das administracións públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial ás súas funcións fóra da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, nos termos sinalados no artigo 5 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, sen prexuízo do disposto no punto sexto deste artigo.





Os membros das corporacións locais que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial deberán ser dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo a Corporación o pagamento das cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo 74 do citado texto legal.

**CUARTO.** Retribucións, asistencia e indemnizacións :

- De acordo co artigo 75.1 e 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril. reguladora das bases do réxime local, os membros das corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva ou parcial (neste último caso, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva a elas).

Os límites das retribucións dos membros das corporacións locais que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación parcial fíxanse en función da porcentaxe de dedicación con relación á xornada laboral. No tocante ás limitacións cuantitativas do número de membros con dedicación parcial, non existe na Lei. As limitacións que existen son funcionais (presidencia ou vicepresidencia de órgano Colexiados Municipais, os que ostentan delegacións ou os que desenvolven responsabilidades que así o requiran.

- En virtude do artigo 75.3 e 75 bis 3, só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencia para a concorrencia efectiva ás sesións dos órganos Colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno da Corporación.
- Consonte o artigo 75.4, os membros das corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas administracións públicas e as que en desenvolvemento delas aprobe o Pleno corporativo.

Incompatibilidades: no suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo aos orzamentos das administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas dependentes delas, así como para o desenvolvemento doutras actividades. Todo isto nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

**QUINTO.** Os orzamentos xerais do Estado determinarán, anualmente, o límite máximo total que poden percibir os membros das corporacións locais por todos os conceptos retributivos e asistencia, excluídos os trienios aos que, de ser o caso, teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se atopen en situación de servizos especiais, atendendo entre outros criterios á natureza da corporación local e á súa poboación segundo a táboa anexa ao artigo 75 bis.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así visto, segundo a disposición adicional tricesima quinta da Lei 8/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado, o límite máximo total que poden percibir





como retribución os membros das corporacións locais, en función da poboación de cada municipio, para este ano será:

<b>Habitantes</b>	<b>Referencia</b>
Máis de 500.000	103.540,15 euros
300.001 a 500.000	93.186,14 euros
150.001 a 300.000	82.832,12 euros
75.001 a 150.000	77.655,62 euros
50.001 a 75.000	67.301,61 euros
20.001 a 50.000	56.947,59 euros
10.001 a 20.000	51.770,08 euros
5.001 a 10.000	46.593,58 euros
1.000 a 5.000	41.416,06 euros

Os membros de corporacións locais de poboación inferior a 1.000 habitantes non terán dedicación exclusiva. Excepcionalmente, poderán desempeñar os seus cargos con dedicación parcial e percibirán as súas retribucións dentro dos límites máximos sinalados para o efecto na Lei de orzamentos xerais do Estado e, en concreto, de acordo coa seguinte escala, atendendo á súa dedicación:

<b>Dedicación</b>	<b>Referencia</b>
Dedicación parcial ao 75%	31.062,05 euros
Dedicación parcial ao 50%	22.778,63 euros
Dedicación parcial ao 25%	15.531,53 euros

**SEXTO.** Poia súa vez, conforme o establecido no artigo 75da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a prestación de servizos nos concellos en réxime de dedicación exclusiva por parte dos seus membros deberase axustar, en todo caso, aos seguintes límites:

- Nos concellos de municipios con poboación inferior a 1.000 habitantes, ningún membro poderá prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva.
- Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 1.001 e 2.000 habitantes, só un membro poderá prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva.
- Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 2.001 e 3.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederán dous.
- Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 3.001 e 10.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederán tres.
- Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 10.001 e 15.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederán cinco.





- f) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 15.001 e 20.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá cinco.
- g) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 20.001 e 35.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá dez.
- h) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 35.001 e 50.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá once.
- i) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 50.001 e 100.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá quince.
- j) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 100.001 e 300.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá dezoito.
- k) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 300.001 e 500.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá vinte.
- l) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 500.001 e 700.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá vinte e dous.
- m) Nos concellos de municipios con poboación comprendida entre 700.001 e 1.000.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá vinte e cinco.
- n) Nos concellos de municipios de Madrid e Barcelona, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederán respectivamente, corenta e cinco e trinta e dous.

**SÉTIMO.** O procedemento para levar a cabo o recoñecemento da dedicación exclusiva ou parcial dos membros da corporación é o seguinte:

- A) A Alcaldía proporalle ao Pleno a relación de cargos da Corporación que se poderán desempeñar en réxime de dedicación exclusiva ou parcial con dereito a retribución, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grao de responsabilidade.
- B) O Pleno da Corporación, tendo en conta a proposta presentada, aprobará a relación de cargos que se consideren necesarios, recoñecerá os seus dereitos económicos e fixará as retribucións que lles correspondan, dentro da consignación global contida para ese fin no Orzamento e logo do informe de Intervención.
- C) O dito acordo deberá publicarse íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación e logo do informe de Intervención.
- D) Correspóndelle ao alcalde resolver sobre a determinación dos membros da Corporación que dean exercer os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Esta resolución terá que ser motivada, especialmente no tocante a determinación dos concelleiros con dedicación parcial, para o que se deberán xustificar as responsabilidades que require o dito réxime.





E) A súa vez, deberáselle notificar o acordo aos intereseados e ao Servizo de Persoal e Intervención, para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

**OITAVO.** Que na sesión plenaria do día 4 de xaneiro de 2019 foi aprobado con carácter inicial o orzamento para o exercicio 2019 (BOP. Nº 6. De 09-01-19), elevado a definitivo sendo publicado no BOP nº25 do 5 de febreiro de 2019.

Nas Bases de execución do orzamento, base 20, letra B "ADICACIÓNS EXCLUSIVAS" figuran as seguintes adicacións exclusivas:

- Concellería-Delegación de "Muller, Infancia, Sanidade e Servizos Sociais e Emprego": 25.812,12 Euros pagadoiros en 14 mensualidades.
- Concellería-Delegación de "Urbanismo, Equipamentos, Infraestructuras e Medio Ambiente": 25.812,12 Euros pagadoiros en 14 mensualidades.
- Concellería-Delegación de "Turismo, Industria, TIC'S e Xuventude: 25.812,12 Euros pagadoiros en 14 mensualidades.

**NOVENO:** Respecto á adicación parcial proposta pola Alcaldía é necesario modificar a base 20, letra B "ADICACIÓNS EXCLUSIVAS" engadindo un segundo parágrafo "ADICACIÓNS PARCIAIS" prevendo unha adicación parcial ao 50% por importe de 16.000,00 euros anuais pagadeiros en 14 mensualidades coa preceptiva habilitación orzamentaria mediante modificación orzamentaria ao non haber crédito para dita adicación.

**Na súa virtude non se vé inconvinte algún para a atribución das devanditas adicacións exclusivas e parcial nos termos efectuados e propostos**

Ares, 18 de xuño de 2018

Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 prorrogado para 2019.

*Disposición adicional trigésima quinta Régimen retributivo de los miembros de las Corporaciones Locales*

De conformidad con lo previsto en el artículo 75 bis de la Ley 7/J 985. de 2 de abril reguladora de las Bases del Régimen Local, según la redacción dada por la Ley 27/2013. de 27 de diciembre. de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local. y considerando lo dispuesto en el artículo 20 de la presente Ley, el límite máximo total que pueden percibir los miembros de las Corporaciones Locales por todos los conceptos retributivos y asistencias, excluidos los trienios a los que, en su caso, tengan derecho aquellos funcionarios de carrera que se encuentren en situación de servicios especiales, será el que se recoge a continuación, atendiendo a su población:

Referencia
103.540,15 euros
93.186,14 euros
82.832,12 euros
77.655,62 euros
67.301,61 euros





20.001 a 50.000	56.947,59 euros
10.001 a 20.000	51.770,08 euros
5.001 a 10.000	46.593,58 euros
1.000 a 5.000	41.416,06 euros

En el caso de Corporaciónes Locales de menos de 1.000 habitantes, resultará de aplicación la siguiente escala, atendiendo a su dedicación.

Dedicación	Referencia/Euros
Dedicación parcial al 75%	31.062,05
Dedicación parcial al 50%	22.778,63
Dedicación parcial al 25%	15.531,53

O Concello Pleno dáse por enterado.

### Punto núm 7.- Aprobación modificación POS+2019 “Débedas con entidades financeiras a reducir”

Dáse conta do certificado emitido pola Secretaría do Concello de Ares, Aprobación modificación POS+2019 “Débedas con entidades financeiras a reducir” de data 8 de agosto de 2019 do seguinte teor literal;

Manuel Larrosa Rodríguez, secretario do Concello de Ares, provincia de A Coruña,

#### CERTIFICO:

Que o Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada o día 29 de xullo de 2019, adoptou entre outros na súa parte dispositiva o seguinte acordo :

Punto núm. 7.- Aprobación modificación POS+2019 “Débedas con entidades financeiras a reducir”.

Aprobado o POS+ 2019 na sesión plenaria do día 05-12-2018 e en relación o apartado “Reducción de débeda con entidades financeiras”, habéndose incluido en dito acordo un préstamo vinculado ao Mecanismo extraordinario de Pago a provedores concertado ao abeiro do Real Decreto Lei 472012; o Pleno do Concello previa deliberación acorda por maioría de oito (8) votos a favor dos grupos políticos PSdeG-PS.O.E. (7) e NAL (1) e cinco en contra dos grupos políticos PP.(3) e B.N.G. (2) :

Modificar o apartado D “Reducción de débeda con entidades financeiras”, incluíndo os seguintes préstamos :

- B.B.V.A. Número/código préstamo: 0182-6244-47-9545754662  
importe: 68.701,49 €.
- B.B.V.A. Número/código préstamo:0182-6244-44-9543619690  
importe: 35.704,15 €.

Dar traslado da presente modificación á Excm. Deputación provincial de A coruña aos efectos oportunos.





E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V. e pr. do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, expídese a presente.

O Alcalde-Presidente,

O Secretario,

Dáse conta do Infome da Secretaría-Intervención do concello “Datos das débedas con entidades financeiras a reducir” de data 8 de agosto de 2019, que a continuación se transcribe;

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)  
“POS + 2019”  
ANEXO XII  
INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO COS DATOS DAS DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS A REDUCIR**

<b>CONCELLO DE</b>	ARES
<b>DATA DO INFORME</b>	10/07/2019
<b>NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME</b>	MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ, SECRETARIO- INTERVENTOR DO CONCELLO

De acordo co esixido na base 5.B.4.2 das reguladoras do Plan, emítense este informe cos datos das débedas con entidades financeiras a reducir:

Entidade financeira	B.B.V.A
Data do préstamo	23/07/2008
Número ou código do préstamo	0182-6244-47-9545754662
Código IBAN da conta bancaria asociada ao préstamo	ES34-0182-6244-4102-0015-0024
Importe inicial do préstamo	330.365,02
Importe pendente do préstamo	71.277,78
Importe do préstamo provincial que se aplica á súa minoración	68.701,49
Outros datos	

Entidade financeira	B.B.V.A
Data do préstamo	22/03/2004





Número ou código do préstamo	0182-6244-44-9543619690
Código IBAN da conta bancaria asociada ao préstamo	ES34-0182-6244-4102-0015-0024
Importe inicial do préstamo	298.781,15
Importe pendente do préstamo	35.704,15
Importe do préstamo provincial que se aplica á súa minoración	35.704,15
Outros datos	

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que neste punto sometemos a aprobación a modificación do POS+2019 porque efectivamente tal e como se deu conta na xunta de voceiros hai unha situación administrativa e en consecuencia damos cumprimento a mesma e polo tanto abrimos unha quenda de intervencións.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Fariás dando as grazas e sinalando que segundo ven no expediente hai un cambio na lei e polo tanto tamén hai un cambio de a onde vai dirixida esta partida, o que non nos queda claro e como repercute na conta final e dicir, canto é o que se lle dedica a isto xa se sabe pero se falaba dunha penalización, por adiantar os cartos non sabemos de canto é, e non sabemos en canto queda o préstamo e tampouco sabemos como queda o préstamo que ía a ser para Bankia e que ao finan non entón si nolo poden explicar.

Remata o Sr. Mesías Fariás a primeira quenda de intervencións dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que a súa posición vai ser en contra, porque estamos en contra de asignar partidas de pago a provedores e bancos e creo que nós o tema que estamos pedindo agora é o do auga, creemos que eses cartos urxe máis en facer as obras que pagarlle aos bancos xa sabemos que o POS obriga a unha cantidade pero creo que para nós agora mesmo o problema do auga é fundamental e creo que todos os cartos que se invertan en obras do auga son máis importantes que pagarlle aos bancos que poden esperar.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que incumpre coa lei, co POS.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que xa o sabe pero isto é a consecuencia disto Sr. Alcalde, foi porque nos obrigan porque nos obrigan porque estamos rescatados polo estado, é unha situación que nos obrigan aos concellos porque estamos rescatados polo estado e nos obrigan a pagar débeda entón nós, non levamos a esa situación ao concello e o que queremos e que o POS sexa destinado a pagar obras, e neste caso no caso de Ares é fundamental poñerse cas obras de abastecemento, nos encontramos que son obsoletos do ano 60 e creo que iso hai que cambialo.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que antes de dar paso a segunda quenda deixar claro que non estamos rescatados e que non fomos rescatados, fomos a un plan de provedores do goberno de España como o 80% do resto dos concellos nun momento na que a crise económica determinou que os bancos deixaran de descontar papel e en consecuencia os provedores non puideron cobrar eses anticipos e loxicamente nesa situación o goberno de España sacou un plan de pago a provedores e nós nos acollimos voluntariamente en canto efectivamente hai cinco tramos eu non sei de onde o







sacaches porque efectivamente o tema do auga o estamos estudando da man de enxeñerías e está claro que efectivamente e o tempo o dirá non é como dis ti, pero en calquera caso isto merece a un imperativo legal os POS veñen así porque tamén son coñecedores da situación do pago a provedores e non só efectivamente fixo un plan o goberno de España senón tamén o fixo a deputación, a deputación meteuno no POS e efectivamente é de imperativo cumprilo.

O Sr. Alcalde da paso a segunda quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que fixeron unha serie de cuestións pero non foron contestadas.

Responde o Sr. Alcalde pedindo desculpas e solicitándolle ao Sr. Secretario que por favor responda a eses temas técnicos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que en canto ao préstamo que se paga hai unha comisión de amortización anticipada e hai que pagalo.

Intervén o Sr. Secretario manifestando que hai un plan de provedores que é un plan de axuste houbo dous anos en que o Ministerio permitiuno pero agora cambiou o criterio e algo formalista e non o admite entón cambiamos e sería, o primeiro préstamo sería do BBVA e xa nos din que intentemos aproveitalo ao máximo ese primeiro préstamo que serían 35704,15€ e o segundo que ten penalización sería 73665,64€ que leva un activo asociado de 13600€ en canto a penalización podería andar nos 13000€ aínda que non creo que chegue, o primeiro non ten penalización o segundo si.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que é unha comisión con penalización.

Toma a palabra novamente o Sr. Mesías Farías dicindo que cos datos que temos aquí nesta táboa que nos remitiu o interventor polo que acaba de dicir agora o secretario que a primeira parte do préstamos sería 35704,15€ e o outro 73665,64€ pero aquí os datos que nos temos é importe pendente do préstamo 71277,768€ polo tanto non sabemos de onde saen eses me explico, aquí vostede puxo.

Interrompe o Sr. Secretario pedindo perdón xa que os datos están ao revés figurando no último 35704,15€ e no primeiro 71277,768€ están invertidos e dicir, as dúas cantidades.

Continúa o Sr. Mesías Farías preguntando, entón de onde sae esa cantidade de 73665,64€.

Responde o Sr. Secretario dicindo que eses 73665,64€ corresponden ao mes de marzo de 2019

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que cando se presentou o POS a previsión era esa pero como isto atrasase pois se acumula algún mes máis.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que esta cantidade é de data marzo de 2019 e estamos en xullo.

Toma a palabra novamente o Sr. Mesías Farías manifestando si esa cantidade refírese aos 71277,768€ o informe este é de 10 de xuño de 2019.

Responde o Sr. Secretario dicindo que si, pero que as cantidades son do mes de marzo.

Continúa o Sr. Mesías Farías respondendo que copiou esa cantidade que era a que había en marzo.

Responde o Sr. Secretario dicindo que non, que cubriu a ficha e vai a débeda pendente e suponse que os 73665,64€ están en 71277,76€ e o de 35704,15€ segue intacto.





Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que simplemente quere facer dous puntualizacións o primeiro é o tema do plan de axuste ao que vostede acolleuse porque quixo eu non digo que fora o único da comarca que o fixera pero dende o 2008 o viña avisando que había que controlar un pouco máis o gasto, acusóusenos de que estábamos alarmando a sociedade e eu por moito que dixera o secretario-interventor eu había dito daquela e o recordo ben si eu con máis ingresos e menos gastos pagaba a 90 días vostede con menos ingresos e con máis gastos sabía que non funcionaba, o tema que nos concirne e o tema do auga.

Interrompe o Sr. Alcalde dicindo que o tema non é o do auga senón o POS.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que nos nos preocupamos polo tema do auga e sabes que este tema xa ven dalgúns anos atrás, asesoreime e nós preocupamos.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que roga a que se ciña ao punto do orden do día, eu respondinte por alusións pero non volvas a facer alusións do mesmo tema.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que dixeches que non sabías cales eran os tramos.

Responde o Sr. Alcalde dicindo, si que ti non os sabes e a proba está nos informes técnicos, te pido por favor que me respectes como Alcalde e segue o punto do orden do día en rogos e preguntas saca ese tema, eu contesteite por alusións eu non saquei este tema pidoche que te ciñas a punto que é o POS aquí non se fai o que digas, faise o que dixeu eu.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que o vai facer en rogos e preguntas.

Continúa o Sr. Alcalde por alusións dicindo que vostede no último ano non pagou nada e tiñas os orzamentos prorrogados que non os aprobou o teu grupo tivemos que pagar nós todo, tanto o do ano anterior como do seguinte e ese é o problema da acumulación de gasto ti tiveches problema co teu grupo e non os aprobastes.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo procedemos a votar e en consecuencia a aprobar o POS+2019.

Sometida a votación a “Aprobación modificación POS+2019, Débedas con entidades financeiras a reducir” o Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 PSdeG-PSOE, 1NAL) e 5 en contra (3 PP, 2BNG), acorda prestarlle a aprobación.

### **Punto núm 8.- Designación Xuíz de Paz sustituto.**

Dáse conta do Informe de Secretaría “Designación de Xuíz de Paz sustituto” de data 14 de marzo de 2019 do seguinte teor literal;

#### **INFORME DE SECRETARÍA**

Asunto: Designación Xuíz de Paz sustituto.





En cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte

## **INFORME**

Antecedentes: A medio de escrito de 25 de febreiro de 2019, comunícase o acordo adoptado pola Presidencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre inicio de expediente de designación de Xuíz de Paz Sustituto do Concello de Ares.

**PRIMEIRO.** En cada municipio onde non exista xulgado de primeira instancia e instrución, e con xurisdición no termo correspondente, haberá un xulgado de paz.

De acordo co disposto no artigo 298.2 da Lei orgánica 6/1985 do poder xudicial, os xuíces de paz exercen funcións xurisdicionais sen pertencer á carreira xudicial, con suxeición ao réxime establecido na devandita lei, sen carácter de profesionalidade e con inmovilidade temporal, formando parte durante o seu mandato do poder xudicial.

Segundo o establecido no artigo 100 da Lei orgánica 6/1985 do poder xudicial, os xuíces de paz coñecerán, na orde civil e penal, os procesos cuxa competencia lles corresponde por lei. Cumprirán tamén as funcións de Rexistro Civil e as demais que a Lei lles atribúa.

**SEGUNDO.** A lexislación aplicable será a seguinte:

- Os artigos 4 a 6, 20, 21, e o artigo 28 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz.
- Os artigos 99 a 103 e o artigo 395 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.
- Os artigos 22.2.p) e 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

**TERCEIRO.** Os xuíces de paz titulares e sustitutos serán nomeados, para un período de catre anos, pola sala de goberno do Tribunal Superior de Xustiza correspondente.

Poderán ser nomeados xuíces de paz, as persoas que, aínda sen seren licenciados en Dereito, reúnan os requisitos establecidos na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, para o ingreso na carreira xudicial, excepto impedimento físico ou psíquico para o cargo, e que non estean incurso en ningunha das causas de incapacidade ou de incompatibilidade previstas para o desenvolvemento das funcións xudiciais, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís (artigo 102 da Lei orgánica 6/1985 e artigo 13 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

**CUARTO.** Durante o mandato, os xuíces de paz estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades e prohibicións reguladas nos artigos 398 a 397 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, no que lles sexa aplicable. Terán compatibilidade para o exercicio das seguintes actividades:





A dedicación á docencia ou á investigación xurídica, única actividade que, cando se desempeña a tempo parcial, se autoriza a xuíces e maxistrados, ou algunhas outras actividades que, aínda que sexan retribuídas con cargo aos orzamentos do estado, poden ser exercidas polos xuíces de paz. Entende o Consello Xeral, atendendo a un criterio de razoable flexibilidade, que, debido á escaseza da suma con que se retribúe o xuíz de paz, isto obrígaos a dedicarse a outra actividade para poder subsistir, e que o importante é que a outra actividade que o xuíz de paz desenvolva sexa, en esencia, compatible co cargo, para evitar interferencias que puidesen afectar a independencia do xuíz á hora de exercer a súa función (exposición de motivos da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial).

O exercicio de actividades profesionais ou mercantís que non supoñan asesoramento xurídico de ningún tipo e que pola súa natureza non sexan susceptibles de impedir ou menoscabar a súa imparcialidade ou independencia nin poidan interferir no estrito cumprimento dos deberes xudiciais (artigo 14 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

Os xuíces de paz non poderán pertencer a partidos políticos ou sindicatos, ou ter un emprego ao servizo destes, e terán prohibidas as actividades recollidas no artigo 395 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, del poder xudicial (artigo 23 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

A autorización, recoñecemento ou denegación de compatibilidade dos xuíces de paz correspóndelle ao Consello Xeral do Poder Xudicial, logo dun informe do presidente do Tribunal Superior de Xustiza competente (artigo 16 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

**QUINTO.** O procedemento para levar a cabo a elección do xuíz de paz sustituto é o seguinte:

A. O Concello anunciará as vacantes nos cargos de xuíz de paz sustituto con antelación suficiente, mediante convocatoria pública, indicando o prazo e lugar para a presentación das instancias.

Posteriormente, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e mediante edictos no taboleiro de anuncios do Concello, no xulgado de primeira instancia e instrución do partido ou xulgado decano, e no propio xulgado de paz. A data deste anuncio é a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias.

B. As solicitudes, que farán constar que se reúnen as condicións de capacidade e de compatibilidade, dirixiranse ao alcalde-presidente do Concello de Ares e presentaranse no rexistro de entrada deste concello ou mediante o procedemento regulado no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, d Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no prazo de quince días.

Para poder participar no proceso de selección, deberanse reunir os requisitos esixidos para formar parte na carreira xudicial, de acordo cos artigos 302 e 303 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial:





- a. ter nacionalidade española;
- b. ser maior de idade;
- c. non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade previstas na Lei orgánica do poder xudicial (artigo 389).

C. Os xuíces de paz serán elixidos polo Pleno do Concello, co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros, entre as persoas que reúnan as condicións legais e así o soliciten.

De non haber ningún solicitante, o Pleno elixirá libremente (artigo 101.1 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial e artigos 4 e 6 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

D. Unha vez aprobado o acorde polo Pleno do Concello, remitiráselle ao xuíz de primeira instancia e instrución, que o levará á sala de goberno (artigo da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e artigos 22.2.p) e 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O artigo 7 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz desenvolve a previsión do 101.3 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e establece que o acordo do Concello seralle remitido ao xuíz de primeira instancia e instrución do partido (*decano*), que o dirixirá á sala de goberno. Ao acorde do Concello xuntaráse unha certificación que inclúa os seguintes puntos:

Referencia detallada das circunstancias nas que se produciu a elección.

Mención expresa da observancia do quórum esixido pola Lei.

Datos de identificación e condicións de capacidade e compatibilidade dos *elixidos*.

E. Se a Sala do Goberno do Tribunal de Xustiza considera que as persoas elixidas polo Concello reúnen as condicións de capacidade e de elixibilidade esixidas pola Lei, expedirá os correspondentes nomeamentos e ordenará a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comunicándolle o contido ao Consello Xeral do Poder Xudicial e ao xuíz de primeira instancia e instrución do partido (Decano) (artigo 8 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

Cando na persoa elixida polo Concello concorra algunha causa de incompatibilidade, a sala de goberno poderá proceder ao seu nomeamento se o proposto reúne os requisitos legais de capacidade, para o que se lle concederá un prazo de oito días para que acredite o cesamento no exercicio da actividade incompatible. No caso de que non acredite isto, entenderase que renuncia ao cargo (artigo 15 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

F. Se no prazo de tres meses desde que se produciu a vacante nun xulgado de paz, o Concello non leva a cabo a proposta mencionada nos puntos anteriores, a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza designará un xuíz de paz. Actuarase do mesmo xeito cando a persoa proposta polo Concello non reúna, a xuízo da mesma sala de goberno e unha vez oído o Ministerio Fiscal, as condicións esixidas por esta





lei (artigo 101.4 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e artigos 4 e 9 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

G. Contra os acordos de nomeamento de xuíces de paz cabe recurso de alzada ou de revisión, cando proceda, ante o Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, nos prazos e polos motivos e formas que establece a Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

H. Os xuíces de paz tomarán posesión do seu respectivo cargo dentro dos vinte días naturais seguintes á data de publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia, logo de facer o xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución do partido (Decano). Non estarán abrigados a prestar xuramento ou promesa aqueles que xa o fixeran con anterioridade como xuíces de paz. A duración do mandato computarase desde a data de publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia (artigo 20 e artigo 21.2 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz).

Non obstante, a corporación acordará o que considere procedente.

Ares, 14 de marzo de 2019

O Secretario

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que sendo una competencia plenaria e tendo maioría absoluta poderíamos loxicamente exercela e proceder a designación de xuíz substituto que tiveramos en valoración. En xunta de voceiros dixemos que non, que o falabamos entre todos, non pechamos en xunta de voceiros porque a veces é un dor de cabeza xuntarse para a xunta de voceiros para non acordar nada pero en calquera caso o traemos a pleno e en consecuencia pedimos consenso entón pois sinxelamente este tema está aberto.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, e dálle a palabra ao voceiro do NAL.

Intervén o Sr. Luis Cendán Fernández sinalando que o que acordamos en xunta de voceiros foi o seguinte, había catro candidatos, dous de Ares e priorizamos os de Ares, pero non pechamos o nome definitivo pero estaba a cousa entres dous de Ares hai unha persoa que ten unha discapacidade, pero calquera dos dous me valen.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que un dos candidatos ten moita formación, esa formación e debida a unha serie de inquietude formativa e intelectual e eu cre que deberíamos efectivamente de valóralo pero esta loxicamente o tema aberto aos grupos.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que como ben manifestamos na xunta de voceiros ao non haber nas bases de convocatoria algún feito (...) que están todos en igualdade de condicións son dúas persoas de Ares e acordamos en priorízalo, aínda que ningún dos dous e do ámbito que van a desenvolver a súa labor, calquera dos





dous nos vale, nós fixemos unha proposta que igual habería que ter en consideración a circunstancia dun dos aspirantes e ademais o gran problema é a mobilidade, unha persoa con mobilidade reducida exercer o seu traballo cando teña que ir é un dos poucos edificios que quedan en Ares que non ten accesibilidade para persoas con mobilidade reducida o cal tamén nos daría a posibilidade de aproveitalo de facer un proxecto para haxa unha accesibilidade acorde cos tempos nos que estamos entendo que a día de hoxe a xente maior que vai alí tamén lle custará pode ser que haxa algún caso que teña que baixar o xuíz ou o funcionario a atender a xente entón nós si puidésemos vincular as dúas cousas a nós nos parecía a mellor opción pero nós non imos a apoiar esta opción senón vai a haber un compromiso de estudar a accesibilidade, quero dicir non vaiamos a tirar por unha cousa que logo nos crea un problema entón pola nosa parte esa é a nosa proposta e a seguimos mantendo.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Intervén o Sr. Alcalde dando a palabra ao voceiro do PP.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que lle parece ben calquera dos dous, imos a apoiar a persoa de mobilidade reducida e en canto a accesibilidade está aí o baixo que non sei si está ocupado ou non, senón se pode facer un proxecto pois utilizar o baixo aínda que quede a Secretaria e o salón arriba pero abaixo se pode poñer unha oficina, iso non sería inconveniente, nós estamos de acordo co resto dos grupos.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando con que proposta están de acordo cas dúas son de Ares e a dúas son alleas ao mundo do dereito e teñen e teñen a dispoñibilidade da proximidade e dicir o xuíz de paz en calquera momento se lle require e que sexan de Ares é importante os outros dous son un de Padrón e outro de Pontevedra co que en calquera momento unha substitución ao mellor non é factible por falta de cercanía é unha razón que tamén hai que ter en conta porque en calquera momento teñen que actuar entón dous de Ares son; D. Juan Gonzalez Dopico e Dna. Susana Pereira Carballo en consecuencia está claro que calquera dos dous e merecedor dunha valoración favorable aos efectos de cubrir esta praza de este posto de xuíz de paz substituto do xulgado de paz de Ares son os dous persoas que perfectamente poderían desempeñar esta función optamos nese sentido quizás porque aparte de acreditar formación moi ampla pois tamén é unha persoa que nese sentido temos que ter en conta ben por a discriminación positiva que moitas bases de convocatoria reserva un nº de prazas para persoas que teñen algún tipo de discapacidade funcional e ben si este criterio nos serve para inclinar a balanza cara a un dos dous areáns o asumimos e procedemos a votación sen máis.

Sometida a votación a “Designación de Xuíz de Paz substituto” o Pleno do Concello por unanimidade, 13 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL, 2 BNG e 3PP), acorda designar Xuíz de Paz Sustituto a D. Juan Gonzalez Dopico.

#### **Punto núm 9.- Aprobación se procede conta xeral 2018.**

Dáse conta do Informe de Secretaría-Intervención “Informe Conta Xeral 2018” de data 24 de Maio de 2019 do seguinte teor literal:





De conformidade co establecido no artigo 200.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na Regra 88.1 da Orde EHA/4042/2004, de 23 de novembro, pala que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local. procedeuse a formar a **Conta Xeral do exercicio económico de 2018**, en relación coa cal emítese o seguinte

### **INFORME CONTA XERAL 2018**

**PRIMEIRO.** A Lexislación aplicable é a seguinte:

Os artigos 22.2 e) e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Os artigos 208 a 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

O artigo 119.3 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Os artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

As Regras 85 e seguintes da Orde EHA/4042/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Simplificado de Contabilidade Local.

Resolución de 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se recomenda un formato normalizado da conta xeral das entidades locais en soporte informático que facilite a súa rendición.

-Resolución de 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno, de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas.

A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.

A Orde A Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo, pala que se modifica a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pala que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

**SEGUNDO.** A Conta Xeral non se limita a ser o instrumento que teñen as Entidades Locais para cumprir esa obrigaón formal de render contas, se non que constitúe o mecanismo que pon de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario; é dicir, é o instrumento que permite á Corporación e os administrados coñecer qué se fixo durante un exercicio orzamentario, permite controlar o uso e destino que se deu a un volume máis ou menos importante de fondos **TERCEIRO.** A Conta Xeral das Entidades Locais estará integrada por:

A da propia Entidade.







A dos seus Organismos Autónomos.

As Cantas das Sociedades Mercantís de capital integramente propiedade da mesma.

**CUARTO.** A Canta Xeral da Entidade e a dos seus Organismos Autónomos está integrada por toda a documentación esixida pola Normativa vixente, segundo o detalle e o contido que se sinala a continuación:

- Balance.
- A Canta do resultado económico-patrimonial.
- estado de Liquidación do Orzamento.
- A Memoria.

As cantas anuais da propia Entidade Local e de cada un dos organismos autónomos deberá unirse a seguinte documentación:

- Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.
- Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local ou do organismo autónomo, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria.
- En caso de que o Pleno da Corporación así o establecese, á Canta Xeral acompañaranse os estados integrados e consolidados das cantas que determinase.

**QUINTO.** Achégase ao presente informe de Intervención, o Balance, a Canta do Resultado económico-patrimonial, o Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria, segundo os Modelos e co contido regulado na a Cuarta parte «Cantas Anuais» do Anexo da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

Esta documentación poderá ser presentada en soporte informático tal e como establece a Resolución de 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado, polo que se recomenda un formato normalizado da canta xeral das entidades locais en soporte informático, que facilite a súa rendición e a Resolución de 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Cantas, pola que se fai público o Acordo do Pleno, de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Canta Xeral das entidades locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de cantas.

De acordo con todo elo, e unha vez que foi examinada a Canta Xeral do exercizo 2018 así formada, por esta Intervención Xeral emítese informe favorable sobre o seu contido, forma e tenor, aos fins e efectos previstos polo artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Cumpre insistir que nos termos das regras 102.4 da Orden EHA/4041/2004, de 23 de novembro (Instrución do modelo normal de contabilidade local) "a aprobación da Canta Xeral é un acto esencial para a fiscalización de esta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectadas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas".





De acordo con todo iso, e unha vez que foi examinada a Conta Xeral así formada, por esta Secretaría-Intervención Xeral emítese informe favorable sobre o seu contido, forma e tenor, aos fins e efectos previstos polo artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

En Ares, a 24 de maio do 2019

O Secretario-Interventor,

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que este punto é a aprobación da conta xeral 2018 e obrigatorio rendela para poder acceder a diferentes convocatorias doutras administracións para a execución de todo tipo de obras e prestación de servizos e en consecuencia queremos rendelas, aquí trátase de rendelas aprobadas rendelas ou non aprobadas pero está claro que é obriga render contas e en consecuencia abrimos unha quenda de intervencións para fixar posicións.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo non hai moito que sinalar, que é un tema funcional para o gasto e o control do gasto do goberno

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que como xa manifestamos en anos anteriores a nosa labor de oposición e por tanto de fiscalización das contas está coartada, non temos acceso moitas veces a información no noso exercicio de fiscalización, polo tanto nós non podemos dar validez a un documento do cal non temos a oportunidade de comprobar a súa veracidade.

Sometida a votación a "Aprobación se procede Conta Xeral 2018" o Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 PSdeG-PSOE, 1NAL) e 5 en contra (3 PP, 2BNG), acorda prestarlle a aprobación.

**Punto núm 10.- Dar conta das resolucións adoptadas pola alcaldía.**

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello pleno dáse por enterado.

**Punto núm 11.- Mocións-Propostas**

Dáse conta da moción presentada polo comité de empresa Navantia Fene/Ferrol de data 26 de xullo de 2019 do seguinte teor literal;

**PROPOSTA DE MOCION PARA A SUA APROBACION NO CONCELLO DE ARES COMITÉ DE EMPRESA DE NAVANTIA FENE/FERROL**

**EXPOSICION DE MOTIVOS**

Os estaleiros da ría de Ferrol (Fene e Ferrol) dedicados á construción naval militar e civil, Eólica Mariña, Reparacións e Turbinas, xeran ao redor de 2.000 empregos directos, 10.500 de





carácter indirectos, o que en si mesmo supón o 22% da contribución do emprego industrial da provincia, achegando o 24% do PIB industrial da provincia da Coruña.

Navantia soubo evolucionar desde unha construción tradicional ata a utilización das máis modernas tecnoloxías, sendo un referente mundial no deseño, a construción e reparación de buques militares e civís.

Ademais e o polo de atracción de numerosas empresas auxiliares que desenvolven a súa actividade industrial, complementando os labores principais do estaleiro, colaborando a alcanzar os seus obxectivos de futuro e ofrecendo emprego a gran cantidade de traballadores, emprego cualificado e de calidade, forxouse unha cultura de traballo composta por cualificacións, oficios e saberes de imprescindible conservación e reprodución.

Por outra banda, debido a escasa diversificación da Comarca de Ferrol, Navantia segue xogando un papel primordial a hora de xerar riqueza, emprego e benestar social, do que se benefician todos os sectores: comercial, industrial, servizos, e, en definitiva, toda a economía da zona.

O pasado 20 de decembro asinábase o Plan Estratéxico de Navantia, cuxo máximo obxectivo era sacar a Navantia do pozo en que nos meteron ao longo destes últimos anos, quena xestión (Navantia estaba en causa de disolución a teor da Lei de Sociedades de Capital), garantir a supervivencia e sustentabilidade da empresa, e con iso o emprego e os dereitos.

Os cimentos do devandito Plan Estratéxico son: un Plan Comercial e Carga de Traballo, un Plan de Eficiencia Operativa Estaleiro 4.0 e un programa de rexuvenecemento e de formación.

Para a Comarca de Ferrol, cabe destacar, como factores máis significativos, a próxima contratación das 5 fragatas F110, un pedido moi importante, xa que despxará dez anos de carga de traballo.

Por outra banda, o rexuvenecemento de persoal a través de contratacións como fixos de persoal de aproximadamente 675 novos traballador@s, e a xeración duns 5000 empregos entre a Industria Auxiliar e outros inducidos. O cal significa xerar unha gran luz de esperanza, especialmente cara as mozas e mozos, que son os que máis veñen padecendo o paro e a precariedade nesta Comarca.

O contrato das F110 son a garantía de futuro da Empresa, da estabilidade da carga de traballo e do emprego a medio e longo prazo, sendo un elemento imprescindible para servir de soporte aos procesos de dixitalización e Industria 4.0, que xunto á diversificación (naval civil, eólica, etc.) necesitamos abordar en Navantia.

Coa orde de Execución xa firmada aínda non permite solucionar o baleiro da carga de traballo que irnos sufrir en Navantia e na Comarca de Ferrol no curto prazo (anos 2020/2021), como consecuencia do seu atraso.

Efectivamente, a Orde de Execución tería que producirse no ano 2017 (como prevía a Empresa e a propia Armada Española).

Foi o empeño do anterior Goberno do Estado, por imponer un cambio no tipo de misiles en contra da opinión da Armada, os verdadeiros responsables de que se atrasase durante





anos a posta en marcha do contrato para construír cinco fragatas nos estaleiros de Navantia en Ferro!.

Dita retraso acareou graves problemas a Empresa, pois a planificación que esta realizou baseábanse en que estas construcións enlazasen coa fase final da construción de os dous Buques de Aproximación de Combate para a Armada Real Australiana, planificación que naturalmente "saltou polo aire" debido a irresponsabilidade daquel Goberno.

A consecuencia e que, nos próximos anos, dende finais deste verán do 2019 ata o 2021, os niveis de paro serán alarmantes e que, no caso de non solucionarse, tería gravísimas repercusións para o emprego, tanto en Navantia, na Industria Auxiliar, e mesmo no conxunto da Comarca de Ferrol.

Si se ten en conta que o desenvolvemento da enxeñaría que con leva a construción dun barco (empleanse normalmente en torno a dous anos.), e fácil sacar a conclusión que soio e posible cubrir o vacío que se produce mediante a construción dun novo proxecto xa desenvolvido.

E evidente que si se desexa evitar gravísimas repercusións, especialmente no emprego, é imprescindible que se concrete e se adopte a correspondente decisión con carácter de urxencia, única maneira a que permite xenerar carga de traballo a partir do ano 2020.

Por todo isto, preséntase a seguinte:

### **PROPOSTA DE MOCIÓN**

1. Apoio á moción presentada pola Representación Social das traballadoras e traballadores de Navantia Ría de Ferro!.
2. Tendo en conta as coñecidas necesidades da Armada Española, a nasa esixencia pasa por dotar de carga de traballo a Navantia, mediante a contratación dun Buque de Aproximación de Combate (BAC), dado que contamos coa enxeñaría xa desenvolvida e isto permitiría cubrir a falta de ocupación dos anos 2020/2021.
3. Dende esta Corporación, instar o Goberno do Estado, Xunta de Galicia e á Dirección de Navantia para que leven a cabo todas as xestións precisas para a concreción destas contratacións no prazo máis breve posible. E ao mesmo tempo, solicitamos aos partidos políticos representados neste Concello o seu apoio e compromiso as propostas contempladas nesta moción.

**Asinado Francisco Javier Galán Pérez**

**Presidente Comité de empresa Navantia Ferrol**

**Ferrol a 26 de xullo do 2019**

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que se presenta unha moción por parte do comité de empresa de Navantia, en consecuencia nos piden elevala ao pleno, creo foi a xunta de voceiros e en xunta de voceiros creo que a apoiamos todos e en consecuencia, pois podemos votala como moción do comité de empresa de Navantia ou podemos votala como declaración institucional e en





consecuencia dado que estamos de acordo co contido abrimos unha quenda de intervencións para acordar si a votamos como moción ou como declaración institucional.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que estaba pensado agora mesmo a diferenza entre moción e declaración institucional.

Interrompe o Sr. Alcalde manifestando que a moción é que aprobamos unha moción deles e a declaración institucional é que nós asumimos este contido como unha declaración propia o outro é aprobar unha moción de Navantia, na mancomunidade pediron que se aprobara como declaración institucional e aprobouse hoxe ás once e pouco aprobouse como declaración institucional porque o pediron eles, sen embargo aquí o presentaron como moción pero eu sei que lles vale tamén como declaración institucional.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo que si a súa vontade como manifestaron como vostede di na mancomunidade a súa pretensión ou a súa vontade e que se faga como declaración institucional dende logo nós non temos ningún tipo de problema, podemos aprobala así votaremos a favor, o que si nós, o BNG ten a súa postura ao respecto desta situación que creo que temos a obrigaón de recordar que ademais da fabricación dos buques para ámbito militar que sexa tamén para o ámbito civil e iso hai que facer tamén unha chamada de atención despois de ver como a Xunta de Galicia anunciara os famosos flotéis e todo iso que foi todo unha farsa e entón a situación que temos é a que estamos a vivir aquí agora que é consecuencia de crese aquelas farsas, o BNG defende esta proposta do comité de empresa de Navantia que ademais incide tamén en que haxa carga de traballo e que sexa para os buques civís como está pasando agora mesmo en Andalucía e polo tanto eles si teñen carga de traballo.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que si na mancomunidade votastes unha declaración institucional creo que o concello ten que facer o mesmo, se os Alcaldes en representación da mancomunidade xa tomastes esa decisión pois o concello ten que tomar a mesma decisión.

Interrompe o Sr. Alcalde dicindo que foi apoiada na mancomunidade porque foi apoiada en xunta de voceiros senón fora así eu lles diría que teño que esperar ao pleno.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que é o normal, que o normal é que si hai un acordo na mancomunidade pois que se se aprobe igual no pleno, a min danme igual pero dada a situación real e xa que ben isto aquí a situación e que quedamos un ano e pico colgados ata que veñan as fragatas, o das fragatas atrasouse non sei o motivo e agora hai que matar este tempo pois haberá que buscar unha solución mentres non se empeza cas fragatas, a nós nos da igual pero o normal é que si na mancomunidade votastes a favor da declaración institucional pois aquí tamén.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que se non hai máis intervencións propono, aprobar a declaración institucional tal cal ven ao pleno simplemente cambiar o encabezado, en vez de proposta de moción para a súa aprobación no concello de Ares do comité de empresa de Navantia Ferrol pois deixamos a exposición de motivos ou a partir da exposición de motivos tal cal a redacción simplemente poñemos, declaración institucional do concello de Ares en apoio ao comité de empresa de Navantia Fene-Ferrol ou declaración institucional do concello de Ares en apoio e aprobación da proposta do comité de empresa de Navantia Fene-Ferrol algo así, pois entón





cambiamos o encabezado e poñemos, declaración institucional en apoio as peticións do comité de empresa Navantia Fene-Ferrol coa exposición de motivos e o petitum e a proposta que ven aí e en consecuencia procedemos a súa votación.

Sometida a votación proposta de “Declaración institucional en apoio as peticións do comité de empresa Navantia Fene-Ferrol coa exposición de motivos e o petitum da proposta do comité de empresa Navantia Fene-Ferrol” o Pleno do Concello por unanimidade, 13 votos a favor (7 PSdeG-PSOE, 3 PP, 2BNG, 1NAL), acorda prestarlle a aprobación.

O Sr. Alcalde pregunta si hai mocións pola vía de urxencia.

Non hai.

### **Pnnto núm 12.- Rogos e Preguntas**

O Sr. Alcalde pregunta quen quere intervir, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías sinalando que hai tres ou catro anos houbo unha polémica cunha antena non sei si de radio ou telefonía, que está situada ao longo do picadeiro de cabalos, o que se nos dixo e que esta obra tiña todos os permisos favorable e máis os informes pero polo que temos sabido isto non é así, e houbo unha consulta, unha petición a valedora do pobo que se dirixiu ao concello neses termos porque o concello negouse a darlle información a persoa que fixo esa reclamación, esa petición esa persoa non puido ver ese permiso de obra entón, nós queremos saber unha vez que a valedora pediulle ao concello esa información porque o concello non lle remitiu a valedora eses permisos e si é que ten todos os permisos e todos os informes son favorables cal é o motivo polo cal nin se lle da a valedora nin a persoa que puxo a denuncia.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra as voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que a primeira pregunta e o tema dos desbroces dos camiños que imos un pouco atrasados a diferenza doutros anos e eu creo que a iso hai que meterlle man porque aínda hai bastante sen cortar. Despois un tema que recordando o outro día co Secretario en Chanteiro que fixen eu na praia, que se expropiou e se tomou posesión da parcela e nunca se chegou a facer e eu creo que iso é fundamental para ampliar o aparcadoiro para facer calquera actividade no entorno da praia, iso xa está expropiado e eu quería que nos dixera o Secretario como está esa situación e si podemos dispoñer dese terreo. No tema das comisións de goberno de xullo de 2019 en canto a substitución da Citroen Yumpy por un vehículo de similares características desestímase dúas ofertas xa que co IVA pasan da cantidade e non é certo, o informe está feito polos servizos urbanísticos e creo que nada máis pásese un creo que iso hai que corríxilo, a cantidade é 15000+IVA e pasan as que están dentro da legalidade é Automóbiles Louzao e a outra é Autopeysa S.L. a que non cumpre é Garza Automoción e por parte dos Servizos Técnicos se fixo constar que incumprían dous e non é certo, incumpre unha soa.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández facendo referencia a comisión de goberno se leva a adjudicación unha subvención por parte da Consellería de Presidencia e se deixa deserta por sete céntimos, creo que se desestime por sete céntimos e despois o que nos chama a atención é que se presentaron cinco empresas e despois na segunda oferta que aínda está sen abrir, sen designar preséntanse tres e ningunha das tres se presentara antes, creo que por sete céntimos volver a licitar a obra.

O Sr. Alcalde pregunta si rematou as súas cuestións.





Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non, pero que si quere as pode ir respondendo.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non, que o quere e que remate as súas cuestións xa que o Alcalde ten a potestade de contestar agora ou no pleno seguinte entón, dada as horas que son.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández facendo referencia ao contrato menor do tema do Guagua o primeiro contrato se adxudica a empresa máis cara cun informe de secretaría e do técnico municipal entón, a mesma persoa se lle adxudica un mesmo contrato por ser mais barata, a oferta máis económica e non hai informe técnico e eu creo que iso que me conteste o Sr. Secretario porque q primeira se adxudica porque hai un informe técnico e no segundo non se pide nada.

Interrompe o Sr. Alcalde dicindo que as preguntas se dirixen ao Alcalde como cando ti eras Alcalde.

Responde o Sr. José Manuel Cendán dicindo que si, pero é unha pregunta técnica.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández facendo referencia ao tema do auga manifestando que, como sabes temos un problema a corto prazo bastante gordo e nós pasamos bastante tempo e nos preocupamos e sabemos que o tema das Pías hai unha falta de mantemento nunha tubaria a tubaria está mal, hai unha válvula que perde e que hai unha responsabilidade do concello de Ferrol e esixida ao concello de Ferrol e a Emafesa que é unha empresa mixta esixirle que a tubaria ten que estar en condicións normais, despois temos nós os deberes sen facer tamén en canto os tramos de tubaria que hai que cambiar, a semana pasada na Rúa Anxos rebentou en tres sitios a tubaria, creo que a situación é de emerxencia e temos que dirixir os plans de deputación, fondo de cooperación local e o beneficio do auga que non se nos quere dar porque é tan inocuo o tema do auga no concello creo que temos que destinar con urxencia ao tema do auga. Queremos deixar claro aquí e quería nomear os tramos son cinco tramos, na Rúa Anxos, Rúa Real, Rúa María e Porto creo que son dende a Rúa Anxos ata o cruce do mercado, na Rúa María dende o Banco Santander a Praza da Igrexa e na Rúa Real primeiro tramo dende as Escolas do Lago ata o Mazote e na Rúa Real segundo tramo dende as Escolas do Lago ata a casa de (...). No Porto xa empezachedes e eu creo que se debe seguir e buscar financiamento e acometer estes tramos que son os que lle fan falta a Ares para solucionar os problemas de tubaria e podamos dar presión a tubaria para que os veciños/as teñan auga creo que isto o temos de retomar como unha cousa seria, retomalo ou facer unha xunta de voceiros e poñerse e buscar a financiamento si fai falta é o que temos que facer, é esixir as autoridades competentes como pode ser Augas de Galicia e ao Concello de Ferrol en todo caso ao concello é a Emafesa que é que nos cobra o auga, que ten que ter o servizo como o ten que ter.

Remata o Sr. José Manuel Cendán Fernández a súa intervención.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que en canto a pregunta da antena, é unha antena de televisión son dúas persoas que veñen aquí e preguntan se poden poñer unha antena de televisión nós lles dicimos que non, que non podemos poñer chan a disposición de ninguén para poñer antenas de televisión, un deles decátase que toda a zona de Montefaro é de defensa e defensa ten un convenio de cesión a favor do concello de Ares que non contempla dotacións con ánimo de lucro, as dotacións con ánimo de lucro seguen sendo competencia de defensa entón vai a defensa e lles di de alugar un chan para poñer unha antena de televisión, defensa alúgalle o chan a un a outra non, ese señor ven aquí e di que lle ten alugado isto a defensa con ánimo de lucro (cando non é competencia nosa), e vou a solicitar os permisos para poñer unha antena de televisión e empeza a pedir permiso a todas as entidades que teñen loxicamente competencias sectoriais e hai unha única entidade que fai un informe que fai referencia aos temas de avión que alí non hai problema porque non hai avións, é o informe de aviación civil, ese informe de aviación civil tamén ven favorable, con todos os informes favorables a outra persoa non consegue entrar entón vai a falar con defensa e lle pregunta se lle





aluga a antena para poñer unha antena de radio e eu non sei que pasou aí que agora esta persoa lle denuncia, denunciou ao valedor do pobo e lle enviamos a documentación denunciouno aquí por escrito entón, efectivamente é unha guerra comercial que nós non podemos arranxalo esta señora lle dixo a Alfonso que ou lle daba un chan ou denunciaba e Alfonso lle dixo que non lle podía dar un chan, chegou a dicir incluso que como había unha antena abandonada que a ía a ocupar e ía a facer uso dela, este señor que vaia a defensa e que lle alugue o chan pero está claro que nós efectivamente non temos nada que ver con iso, é un chan de defensa porque é unha actividade con ánimo de lucro porque defensa cobra o aluguer, ten todos os permisos sectoriais e nós o comprobamos. Como efectivamente lle pedimos unha comprobación sobre unha posible modificación de altura porque o informe de aviación civil non está claro, nós non lle dimos licenza porque necesitábamos unha documentación que non entregou e dicir, estamos nesa fase aínda está aberto non está concluído e hai unha competencia que quere tamén unha antena pois que vaia a falar con defensa, é un tema no que unha denuncia todo o do outro e en consecuencia estamos nun cumprimento legal e efectivamente en canto non recade a última documentación que se lle pediu efectivamente este tema aínda non culminou e o expediente segue aberto, ata onde ameaza o dereito a información pois ata expedientes administrativos concluídos, este aínda non está concluído entón, ¿ten dereito un veciño a mirar o que está xestionando outro aquí? Eu creo que non, unha vez que se xestionou si, cando o expediente este concluído si terá o dereito a información, mentres non haxa resolución administrativa firme non lle ampara o dereito o día que esta concesión teña licenza esta persoa poderá pedir o expediente e hai que darllo pero aínda non ten licenza que é o que curiosa aquí, saber de quen é o terreo e con quen hai que falar que son datos protexidos entón, o dereito a información abarca a expedientes concluídos e este aínda non ten licenza non está concluído, creo que o dereito a información non abarca esa curiosidade de que está facendo aquí cada quen, se hai licenza e non estás conforme a atacas e se estás conforme a acatas pero efectivamente o expediente non está concluído.

Continúa o Sr. Alcalde facendo referencia aos desbroces, sinalando que sabemos perfectamente como se fan porque como comprenderas cando saín Alcalde non modifiquei isto, empezase polo Voto de Chanteiro, baixase a San Pedro de Cervás, Seselle vaise ao Carmen de Redes e logo a Olalla de Lubre e por desgraza nos últimos anos é máis complexo porque a Alfombra nos atrasa, mentres andamos cortando verde para a Alfombra nos atrasa os desbroces, eu sei que está Lubre sen desbrozar pero sei que o día do patrón vai estar desbrozado é unha situación que padecemos todos os veciños hai zoas desbrozadas dende a primeira semana de xuño que xa están perdidas porque chovendo e con sol disparase a herba entón hai zonas que xa desbrozamos dúas veces

Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando senón hai forma de meter a alguén polas tardes.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, porque non queremos pagar horas extras.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que se pode cambiar a quenda.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o problema é que hai que conxugar as vacacións estivais co tempo por tempo entón, si metemos a unha persoa polas tardes efectivamente que si ten vacacións, que si como non lle pagamos horas pide tempo por tempo entón é moi complexa a situación.

Intervén novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que daquela nós falamos con Agustín e con Santiago e non houbo problemas.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que porque lle pagabas as horas extas.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non, Santiago traballaba polas tardes e Agustín igual.







Continúa o Sr. Alcalde manifestando que Carlos traballa polas tardes e non pasa horas extras, non se lle pode pedir máis queda Lubre só e o día do patrón vai estar desbrozado, pero con este tempo senón chovera nada estaría todo seco pero chovendo volve a nacer, é unha situación complexa.

En canto a expropiación de Chanteiro, está expropiado e punto o propietario o discute pero efectivamente temos información de Luís de que non ten razón o propietario e non se lle da e ademais mercamos o terreo anexo, o terreo anexo o mercamos a outro propietario entón, o señor ao que ti lle expropiaches discute a expropiación pero a discute pero o peche está respectando a expropiación, a discute pero non fai nada encontra non ocupa o terreo, non fai obras, non move o peche e dicir no fondo está aceptando a expropiación e nós compramos un terreo anexo para continuar o paseo marítimo que o día que empecen as obras se poña diante da pala, pois vira a garda civil e o votará pero esa expropiación está feita de feito os tubos da Edar pasan os metimos por aí, está expropiado e punto e pelota.

Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que o tema atrasouse anos.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que xa o sabe, pero cando se actuou non pasou nada e agora imos a continuar o paseo e non vai pasar nada pero efectivamente non ten nada que facer outra cousa e que de vez en cando a familia segue vindo aquí a dicir que aquilo e deles, pero non hai absolutamente ningún problema.

Continúa o Sr. Alcalde facendo referencia a substitución da furgoneta, manifesta que son cuestión técnicas que nós non pintamos nada, son informes técnicos e miraremos iso igual que o que dis dos sete céntimos. O que se pasa aínda que sexa dun céntimo no prezo de licitación hai que excluílo porque o di a lei, entón un céntimo por encima pasase por encima do prezo de licitación e a lei obriga a excluílo entón que imos a facer, chamar e falsificar a proposta mira pásaste sete céntimos presenta outro papel falsificamos a data e facemos como si o presentaras en prazo con sete céntimos por debaixo, eu non quero ir a cárcere, pasouse sete céntimos e excluído.

En canto ao contrato da Guagua tamén é a través dun informe técnico que eu descoñezo e en consecuencia o que é de informes técnicos xa che darei información cando a teña porque eu non a teño.

Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que o que lle chamou a atención é que no primeiro que é a oferta máis económica xa non se pide entón claro xa a mesma persoa lle adxudicas varios contratos e un vai con informe técnico e o outro non vai, o criterio eu quero que me digan cal é o criterio.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non expedientes concluídos que tes dereito a velos.

Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non teño problema, sempre vou a favor das empresas de Ares, e non o vou a poñer en dúbida pero nos chama a atención o criterio.

Continúa o Sr. Alcalde sinalando que en canto o tema do auga, sendo ti Alcalde coñeces o problema da aceleradora de Mugardos, o coñecías e o padeciches, Mugardos necesita auga para consumo industrial e cando necesitaba auga incéndianos unha aceleradora e nos viciaba a tubaría para Ares e tiñamos problemas e non fomos capaces de enfrontarnos a esta realidade ata anos despois, porque enfronteime eu e que conseguín, que fixeran unha tubaría nova de 350 mm eu cando salgo de augas salgo encantado porque a min o que me venden é que a outra queda só para Ares eu dicía a outra e de 200 mm e van a poñerlle a Mugardos unha de 350 mm cando quen triplica a poboación en verán somos nós facede a nova para nós e deixádelle a de 20 mm para Mugardos pois non, a de 350 mm ten que ser para Mugardos ben, funme relativamente contento.





Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que fixeron un convenio.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que fan un convenio con quen queren facer un convenio, tamén podían facer un convenio con Ares, porque non o fan con Ares.

Interrompe novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que o convenio é do 2009.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que está contestando que non ten obrigación de convencerlle, esa obra tivo un financiamento FEDER do 70% e o outro 15 o puxo Mugardos e 15% Augas de Galicia así tamén quero obras para min, o 70% ven de Europa e eu poño o 15% porque o outro 15% o pon a Xunta, que o fixeran en Ares que é onde se aumenta a poboación no verán e dixeron que non que querían facerllo a Mugardos. Eu no fondo saín contento, ben pois queda unha tubaría de 200 mm para Ares a miña sorpresa é que non se nos desconecta o Seixo nin Franza, nin o Monte e aínda encima se nos conecta o polígono Vilar do Colo, o polígono Vilar do Colo o colgan na de 200 mm non na de 350 mm e Franza o Seixo e o Monte tres lugares de Mugardos a deixan na de 200 mm, a min me dixeron que ían a sacar todo Mugardos non só o casco e nolo deixaron cravado entón ben, uns anos como o auga que entra en Ares é a mesma todo o ano porque as tubarias non se amplían houbo uns anos que non houbo ningún problema, pero decidimos como é a nosa obrigación levar o auga a Cervás, Chanteiro, Loureiros é dicir, o mesmo auga que entraba e que cando cambiaron a tubaría de Mugardos non pasa nada a repartimos entre máis porque é a nosa obrigación entón, a repartir o pouco que entraba entre máis volvemos a vivir a mesma situación como si estivera Mugardos colgado na nosa tubaría porque hai consumos que antes non había Cervás, Chanteiro, Malata, Ixobre de dous mil e pico usuarios pasamos a tres mil e pico entón o auga que entra que era só para o casco urbano chegaba pero en canto a repartimos entre máis veciños volvemos a padecer o problema. Este ano hai dous cousas a maiores, que a tubaría das Pías nos afecta porque perde auga e presión a raudales, iso non é unha fuga é unha rotura en toda regra é impresionante os metros cúbicos que se perden aí, e por certo leva un ano rota e segundo aparte da tubaría das Pías temos colgado ao Seixo, ¿cantos habitantes ten o Seixo Manuel?.

Responde o Sr. José Manuel Cendán dicindo que 500 habitantes.

Continúa o Sr. Alcalde preguntando ¿porque 500 habitantes consume a metade de Ares en verán? Porque ten as tubarias rotas, porque no Seixo teñen fugas por todos os sitios porque son de fibrocemento. Si Ares consume ao ano 450000 metros cúbicos o Seixo está en 212000 iso non o cree ninguén, 500 habitantes consumen a metade do que consume Ares, teñen roturas por todos os lados e iso nos afecta na presión, o Seixo está facendo reparacións continuamente por iso non o quere Mugardos, Mugardos non quere ao Seixo na súa tubaría porque saben o que hai entón, temos responsabilidade si, solos non, para iso está Augas de Galicia a Deputación e aínda encima as tubarias que nos subministran non están en bo estado, si hai unha rotura na tubaría de Ares, Mugardos non a arranxa porque non é auga para eles, Emafesa non arranxa porque está en Mugardos e Ares non pode arranxala porque está en Mugardos e temos roturas cada dúas por tres na zona da Barca porque os camións a rompen, e quen nola arranxa, pois non podemos nin arranxala nós e Mugardos négase a arranxala porque é a tubaría de Ares e Emafesa di que non lle corresponde, como o estamos resolvendo, pedíndolle a Emafesa que vaia a arranxar e pasándonos a factura, ou sexa que iso todo hai que resolvelo ou é que as turbarían non son de ninguén. Estamos intentando resolvelo, pero non nos poden deixar solos, porque o ten que arranxar tamén outras administracións, ninguén se nega a arranxalo entre todos, eu nunca me neguei a arranxalo a outros concello arranxáronllo, estamos negociando coa mancomunidade porque efectivamente Fene e Mugardos tamén considéranse prexudicados polo tema das Pías e a escusa de Emafesa de que esas tubarias non están no seu termo municipal non é moi razoable cando nos cobra un millón de euros ao ano de abastecemento, un millón de euros ao ano pero as tubarias non están en Ferrol, antes non existía nin Emafesa nin Augas de Galicia nin nada, agora temos que resolvelo e que máis quixeramos





que resolvelo de feito o ano pasado había problemas no Raso e agora non os teñen, problemas en Seselle Alto e agora non os hai, en Loureiros xa non os hai, na Avda.. Paz e Prados Vellois xa non os hai é dicir, durante o inverno fixemos obras para evitar o problema na periferia, senón chega a periferia a presión non chega ao centro, que pasa que pensamos que era suficiente e nos encontramos con que os Castros e os pisos altos en Ares, as obras que fixemos durante o inverno non foron suficientes, pero en Seselle había xente que non tiña auga en todo o día e no Raso iso xa está resolto entón, pouco a pouco o imos facendo. Agora seguramente o tema dependerá máis que das tubarías que ti falas dun depósito de regulación cunha cota que teña a suficientemente altura para dar auga por presión atmosférica aos pisos máis altos e hai que facer un depósito no Alto de Simou que iso xa son palabras maiores porque hai que mercar un terreo e esa é a solución, temos que autoregular o abastecemento porque ti sabes Manuel que cando nos deu auga Emafesa anuláronse todos os depósitos, aquí hai unha fuga de auga en calquera sitio e quedamos isofactos sen auga porque non temos depósitos autorreguladores, os únicos que poden quedar sen auga nestes momentos é na Avda. Paz, Prados Vellois, hai que recuperar o depósito dos dous hai que recuperar un, o máis novo o de 500 metros cúbico, porque x atemos 400 metros cúbicos en Cervás é imos a recuperar outros 400 metros cúbicos no Castro xa son 900 si facemos un depósito de 500 metros cúbicos no Alto de Simou xa son 1400 metros cúbicos, o que consume Ares nun día e dicir si hai unha avaría ter 24 horas para arranxala sen que o pobo quede sen auga que é o que marca efectivamente os canons, ter auga en cantidade suficiente para ter un abastecemento de 24 horas en caso de risco, é o que pretendemos entón, solo nos falta un abastecemento no Alto de Simou porque imos a recuperar un dos dous depósitos, iso o estamos a facer pero isto é enxeñería e hai que ir probando ata que isto se solvente e a min os de Proyfe xurábanme e perxurábanme que as solucións eran outras e non foron esas e agora efectivamente, xa se fala dun abastecemento no Alto de Simou, nunca se falo una vida, pero agora si se está falando. Por certo, porque no Alto de Simou, porque en Mugardos teñen problemas de presión na zona de arriba entón Mugardos di, ese depósito a min tamén arranxárame a vida, a min paréceme ben que nos arranxe a vida a todos, estamos nesa clave, por iso tamén digo que a tubaría ten 30 anos, é estreita, ten derivacións que non nos da presión e nos colgaron un marronazo sen informarnos que é o polígono Vilar do Colo, meteron o polígono enteiro na tubaría de 200 mm cando teñen a de Mugardos de 350 m, iso non se fai, entón ben pois a deixamos así. Agravamos o problema levando o auga a Cervás e Chanteiro, pois si, senón a leváramos non había problema porque o auga que entra é suficiente o que había aínda o repartimos máis, pero era a nosa obrigación levar o auga a Cervás e Chanterio e levala a onde nola pidan, nós seguimos dando auga e licenzas de auga porque a xente ten dereito a ela, pero sabemos que iso é repartir o auga entre máis e que agrava o problema ben, pois xa sabemos como resolvelo, estamos nunha fase encamiñada a un depósito no Alto de Simou, hai que buscar terreos e por certo os depósitos pódense facer por módulos, que se teñen estes cartos un pozo, que se teñen máis cartos pois segundo pozo e por módulos podemos chegar a 1000 metros cúbicos se fai falta pero parece ser que con 500 metros cúbicos é suficiente, canto costa isto, cincocentos mil euros custou o de Cervás por aí cando é de 500 metros cúbicos pois calculados cincocentos mil euros, un terzo a Deputación, un terzo a Augas de Galicia e outro terzo o concello de Ares que problema hai se o fan así noutros concellos, pois estamos niso.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e vinte minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

SECRETARIO

*Documento asinado electrónicamente polo Alcalde-Presidente*





*Documento asinado electrónicamente polo Secretario-Interventor*

